



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN INDIRECTA MEDIANTE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS QUE ABRANGUE OS PARQUES DE BOMBEIROS DE BARREIROS, VILALBA E VIVEIRO. CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

( Expediente N° EXP CON002GSP10-ABO )



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN INDIRECTA MEDIANTE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS QUE ABRANGUE OS PARQUES DE BOMBEIROS DE BARREIROS, VILALBA E VIVEIRO.

**PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.**

O presente contrato ten por obxecto a prestación, polo sistema de xestión indirecta, na modalidade de concesión, prevista no artigo 8.1 e 253.a da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), do servizo de intervención nas emerxencias relacionadas no Prego de Prescricións Técnicas (PPT) e que aproba o órgano de contratación no ámbito territorial abranguido polos termos municipais recollidos no presente prego.

O servizo público obxecto do presente contrato é de competencia exclusiva do Consorcio Provincial, segundo se recolle no Decreto 19/2009, do 5 de febreiro, polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

O contrato derivado do presente prego contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación Nacional de Produtos por Actividades (CPA), recollidas no Regulamento CE N° 451/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de abril de 2008, polo que se establece unha nova clasificación estatística de produtos por actividades (CPA) e se derroga o Regulamento (CEE) N° 3696/93 do Consello 84.25.11 Servizos de extinción y prevención de incendios

O contrato tamén contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades (CPV), recollida no Regulamento (CE) N° 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) N° 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE y 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CPV:

75251100-1 Servizos de extinción de incendios

A execución do obxecto do contrato deberá adecuarse ás prescricións técnicas, que terán, ao igual que o presente prego, carácter contractual polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade polo adxudicatario, no mesmo acto de formalización do contrato.

En caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos documentos contractuais, prevalecerá o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

O servizo obxecto deste contrato será o prestado polos parques de Barreiros, Vilalba e Viveiro.



Os municipios que compoñen o ámbito territorial de ditos parques son os seguintes:

Abadín  
Alfoz  
Barreiros  
Burela  
Begonte  
Cospeito  
Cervo  
Foz  
Guitiriz  
Lourenzá  
Mondoñedo  
Muras  
O Valadouro  
O Vicedo  
Ouro  
Outeiro de Rei  
A Pastoriza  
Rábade  
Ribadeo  
Riotorto  
Trabada  
Vilalba  
Viveiro  
Xermade  
Xove

Este sería o ámbito territorial adscrito a estes parques, con independencia da súa actuación profesional en caso necesario fóra dos límites do mesmo, a nivel comarcal e provincial, ou mesmo autonómico.

Non obstante dito ámbito territorial, poderá ser variado en función dos acordos adoptados polo Consorcio, que se podan realizar tendo en conta unha nova distribución territorial.

A data de inicio será comunicada ó adxudicatario cunha antelación mínima de dous meses.

## SEGUNDA. PRESUPOSTO DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN

1. O orzamento do presente contrato que servirá como base para a licitación ascende á cantidade de 15.091.526,40 euros (QUINCE MILLÓNS NOVENTA E UN MIL CINCOCENTOS VINTE E SEIS EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS), IVE 2.716.474,75 (DOUS MILLÓNS SETECENTOS DEZASEIS MIL CATROCENOS SETENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS) o que ascende a un total de 17.808.001,15 euros (DEZASETE MILLÓNS OITOCENOS OITO MIL UN EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS), atendendo ao seguinte desglose



TEMPO	CUSTO POR PARQUE (IVE NON INCLUÍDO)	CUSTO TOTAL (IVE NON INCLUÍDO)
Por mes	52.401,13	157.203,40
Por ano	628.813,60	1.886.440,80
Por oito anos	5.030.508,80	15.091.526,40

O prezo indicado constitúe a cantidade na que, como máximo, poderá adxudicarse o contrato, entendendo que o mesmo inclúe calquera tributo, gasto ou custo que poida repercutir no prezo final, salvo o IVE que deberá soportar a Administración contratante, que se indicará como partida independente.

De conformidade co anterior, no suposto que fora esixible o pago do Imposto sobre Bens Inmóbles, Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, Taxas (auga, sumidoiro, etc.) e calquera outro tributo ou prezo público, se entenderán comprendidos dentro do prezo do contrato, polo que correrán da conta do concesionario.

2. Nembargantes, os licitadores poderán incluír nas súas ofertas melloras á baixa sobre o tipo de licitación, para o que deberán ter en conta que a devandita baixa deberá comprender tamén os tributos e gastos sinalados no apartado 1 da presente cláusula.

De conformidade co artigo 94.2 da LCSP, e coas regras 41 e seguintes da Orde HAC 1299/2002, de 23 de maio, a tramitación do expediente de gasto iniciase no exercicio orzamentario anterior a aquel en que está prevista a súa execución.

A tales efectos existe informe da Secretaria Intervención sobre o cumprimento dos requisitos en relación co compromiso de crédito no correspondente exercicio orzamentario para facer fronte aos gastos derivados do contrato toda vez que o inicio do subministro se prevé que se realice para a anualidade de 2011. A obrigas derivadas da presente contratación cargaránse á aplicación 135.227 denominada “Traballos realizados por outras empresas: funcionamento parques”

#### TERCEIRA. FINANCIAMENTO E CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA.

O órgano de contratación, que actúa en nome do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento é o Pleno.

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

#### CUARTA. REVISIÓN DE PREZOS.



O contratista adxudicatario deberá manter, durante o primeiro ano de duración do contrato (contado desde a data de inicio de contrato ata os doce meses posteriores) o prezo do mesmo segundo resultara da adxudicación, de forma que, con comezo no ano seguinte, desde transcorrido un ano natural completo de xestión efectiva, o contratista terá dereito a instar a revisión, que se realizará en función da porcentaxe do Índice de Prezos ó Consumo (IPC) conxunto nacional total, que elabora o Instituto Nacional de Estatística do ano anterior que corresponda (decembro ano N-1/decembro ano N1) e, sen prexuízo doutras variacións que en función das modificacións que podan xurdir no servizo, poda acordar o órgano de contratación.

Nembargante, só poderá realizarse a revisión de prezos cando o contrato estivese executado, cando menos, nun 20 por 100 do seu importe. A data de referencia para ter en conta a aplicación da revisión de prezos (transcorrido o devandito ano natural primeiro), será a do inicio da citada xestión efectiva dos Parques.

#### QUINTA. NATUREZA, RÉXIME XURÍDICO E MODALIDADE CONTRACTUAL.

A modalidade da contratación do servizo será a concesión que recolle expresamente o artigo 253.a da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, polo que o licitador que resulte adxudicatario, na súa calidade de concesionario do dito servizo, xestionará o mesmo o seu propio risco e ventura nos termos establecidos neste prego, o seu Anexo I de Prescricións Técnicas, así como na propia LCSP ou en calquera outra norma aplicable.

O presente contrato ten natureza administrativa e rexerese póla Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (en adiante LCSP), salvo as excepcións previstas no artigo 252 da mesma; polo Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a LCSP; o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante RXLC); ó Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; á Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; ó Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e no que aínda continúa vixente, ó Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado polo Decreto de 17 de xuño de 1955 así como, en xeral, ás normas ditadas polo Estado e máis o conxunto de leis e normas da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do art. 149.1.18 da Constitución. De forma supletoria, se aplicarán outras normas de Dereito administrativo e, no seu defecto, as normas oportunas de Dereito privado. Rexerá así mesmo, a normativa administrativa que derroque, substitúa ou modifique á citada e toda a que, no seu caso, estea vixente e lle sexa de aplicación na data de formalización e execución do contrato ata a súa completa extinción.

Ademais, ao servizo público obxecto do contrato seranlle de aplicación as Ordenanzas reguladoras da taxa polo servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e a Ordenanza das contribucións especiais por establecemento, ampliación e mellora do servizo provincial contra incendios e salvamento así como cantas disposicións concordantes lle foran de aplicación.



O descoñecemento do contrato, en calquera dos seus termos, dos pregos ou documentos anexos que forman parte dos mesmos ou das normas de toda índole que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirán ao contratista da obriga do seu cumprimento.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltas, previa audiencia do contratista, polo órgano de contratación, acordos que poñerán fin á vía administrativa e contra os que caberá recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

A cuestión de nulidade prevista para os supostos recollidos no artigo 37 da LCSP poderá incoarse ante o órgano de contratación en tanto a Comunidade Autónoma de Galicia non regule quen será o órgano competente especializado para a resolución da mesma e dos recursos especiais en materia de contratación (art. 311 da LCSP). A súa tramitación axustarase ao disposto nos artigos 37 a 39 da LCSP. A interposición da cuestión de nulidade non producirá efectos suspensivos de ningunha clase por si mesma. As resolucións ditadas nestes procedementos serán susceptibles de recurso contencioso-administrativo.

Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación: os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación, os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes últimos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, e os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores. Este recurso ten carácter potestativo (cf.. artigo 310 da LCSP).

A tramitación dos citados recursos axustarase ao disposto nos artigos 312 a 316 da LCSP. Unha vez interposto o recurso, se o acto recorrido é o de adxudicación, quedará en suspenso a tramitación do expediente de contratación. Contra a resolución do recurso só procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Os licitadores aceptan de forma expresa a súa submisión á lexislación e pregos anteriormente citados, e á xurisdición contencioso-administrativa nas cuestións litixiosas que puideran derivarse deste contrato de natureza administrativa.

O presente contrato de servizos non está suxeito a regulación harmonizada por tratarse dun contrato de xestión de servizos públicos e polo tanto non incluído no art. 15 da LCSP.

**SIXTA. PRAZO DO CONTRATO E PRÓRROGAS.**



1. Duración inicial do contrato.- O prazo de duración inicial do contrato será de 8 (oito) anos.
2. Prórrogas.- O prazo contractual de vixencia inicial poderá prorrogarse por períodos máximos de tres anos, de forma que a vixencia inicial mailas prórrogas non poderán superar o tope máximo de 15 (QUINCE) anos.
3. Formalidades nas prórrogas.- A/s prórroga/s contractuais deberán realizarse de forma expresa e por mutuo acordo, debendo sinalarse o prazo concreto da prórroga.
  - Formalidades do concesionario: no caso de non aceptar a prórroga o concesionario deberá comunicar tal extremo por escrito subscrito e asinado polo seu representante legal e presentado no Rexistro Xeral do Consorcio e cunha antelación mínima de seis meses anteriores a data prevista de finalización do contrato (prazo inicial ou prorrogado). Transcorrido ese prazo, entenderase que o contratista - concesionario acepta expresamente a prórroga e, consecuentemente, non poderá renunciar á mesma, salvo que o Consorcio o acepte, ou ben exerza a facultade que se indica no parágrafo seguinte.
  - Formalidades do Consorcio: o Consorcio, caso de non desexar a prórroga contractual, comunicará tal extremo ó contratista, cunha antelación mínima de dous meses anteriores a data prevista de finalización do contrato (prazo inicial ou prorrogado).
4. Prórroga necesaria por nova adxudicación.- Rematado o prazo total do contrato - xunto coas prórrogas-, e iniciado pola Administración un novo proceso contractual, no suposto de que o Consorcio non tivera adxudicado aínda o novo contrato no proceso de licitación convocado ó efecto ou rematado este, non tivera aínda inicio a execución do contractual, o contrato regulado polas presentes cláusulas, seguirá a prestarse polo contratista inicial polo prazo necesario ata que se produza unha nova adxudicación e inicio da xestión que a mesma implica co contratista que resultara adxudicatario do mesmo, e coa única fin de non prexudicar, interromper ou suspender o normal funcionamento do Servizo Público que o contrato leva aparelado.

#### SÉTIMA. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias ou prohibicións contidas no artigo 49 da LCSP.

Ademais, os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato. Os empresarios deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme ao establecido nos artigos. 63, 64 e 68 LCSP.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular



de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, logo da acreditación por empresa, que figuran inscritas en Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato así como o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 44 LCSP.

Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas ao efecto.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo.

Aos efectos da licitación os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúen e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de se constituír formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato debendo proceder á formalización das mesmas en escritura pública, de conformidade co artigo 48 da LCSP, dentro do prazo dos quince días seguintes ó da data na que reciba a notificación da adxudicación. En ningún caso os custos económicos xerados por este concepto correrán de conta da Administración contratante. A Unión Temporal, se resultara adxudicataria, deberá ter unha duración de, como mínimo, a do correspondente contrato ata a súa total extinción (incluíndo as prórrogas e máis a circunstancia recollida na cláusula 6ª deste prego).

#### OITAVA. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.

Atendido o disposto polo art. 54 da LCSP, non se esixe clasificación ó contratista para este tipo de contratos.

#### NOVENA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

O contrato será adxudicado mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 122 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo art. 134 LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación, reflíctanse debidamente puntuados, na súa orde decrecente, na cláusula 16ª deste prego.

#### DÉCIMA. PUBLICIDADE.

O presente procedemento estará suxeito ao seguinte réxime de publicidade:

- Convocatoria de licitación. Segundo dispón o artigo 126 da LCSP, publicarase no Boletín Oficial desta provincia ( en adiante BOP), no Diario Oficial de Galicia (en adiante DOG) e no sitio perfil do contratante do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.





- Adxudicación. De acordo co previsto no artigo 135.4 da LCSP, a adxudicación será publicada no perfil do contratante do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
- Formalización. De acordo co disposto no artigo 138 da LCSP, na súa nova redacción dada pola Lei 34/2010, de 5 de agosto, a formalización do contrato será publicada no DOG, BOP e no perfil do contratante do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

Os licitadores poderán examinar os pregos da presente licitación no perfil do contratante do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

#### DÉCIMO PRIMEIRA. PROPOSICIÓN: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

Segundo establece o artigo 143 da LCSP o prazo de presentación de proposicións será de 20 días hábiles, contados dende a publicación do Anuncio de licitación no derradeiro anuncio de publicación, xa sexa BOP ou DOG

Se o último coincidise en domingo ou festivo, entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil.

A presentación poderá realizarse ben persoalmente, no Rexistro Xeral do Consorcio Provincial, na rúa San Marcos 8- Pazo da Deputación- Lugo, ben mediante envío por mensaxeiría entregado dentro do prazo sinalado, ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante LRXPAC).

No caso de envío por correo ou en calquera das dependencias recollidas no artigo 38.4 da LRXPAC, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo, sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, dez días dende a data sinalada no anuncio como data límite, sen que a proposta se tivese recibido, esta en ningún caso será admitida.

O Rexistro Xeral do Consorcio Provincial, na rúa San Marcos 8- Pazo da Deputación- Lugo, ten horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a sábado.

A presentación das proposicións deberase realizar nunha soa das dependencias administrativas de entre as varias que existan para poder levala a cabo, rexeitándose no caso contrario todas as presentadas polo interesado.

Toda a documentación das proposicións presentadas deberá estar redactada en galego ou en castelán de conformidade coa Disposición adicional primeira da LCSP e co art. 35.d) da Lei 30/1992 (LRXPAC), A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ao castelán ou galego.



A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego e do prego de prescricións técnicas, sen salvidade algunha.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativas na oferta presentada por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

Cada licitador está limitado a presentar unicamente unha única proposición, e polo tanto, non poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras empresas ou empresarios se o fai individualmente, ou ben, figurar en máis dunha unión temporal. A contravención dese principio dará lugar, de xeito automático, á desestimación de todas as ofertas ou propostas de licitación nas que figure, con independencia da boa fe dos outros concorrentes. (art. 129.3 LCSP).

#### DÉCIMO SEGUNDA. PROPOSICIÓN: DOCUMENTACIÓN.

As propostas que presenten os licitadores serán secretas e serán arbitrados os medios, pola Administración, que garantan ese carácter ata o momento da apertura.

Os licitadores deberán presentar as súas propostas, individualizadas, dentro do prazo indicado na cláusula precedente e, en cada un dos sobres que se citan nos apartados 1, 2 e 3 desta cláusula, no anverso dos que deberá figurar a lenda seguinte:

<< SOBRE " \_ " (segundo proceda: "A", "B" ou "C") comprensivo de \_\_\_\_\_  
(segundo proceda "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA", "CRITERIOS  
SUBJECTIVOS" ou "CRITERIOS OBXECTIVOS") que presenta D<sup>a</sup>/D. \_\_\_\_\_,  
en nome e representación da empresa " \_\_\_\_\_ " ou Unión Temporal, con  
domicilio \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ Fax \_\_\_\_\_ e correo electrónico  
\_\_\_\_\_, para tomar parte no procedemento aberto do contrato de xestión de  
servizo expediente. CON001GSP10-ABO convocado polo Consorcio Provincial de  
Lugo para a prestación do Servizo de Incendios e Salvamento"

En \_\_\_\_\_, \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.-

(Sinatura do representante e selo da empresa) >>

Os sobres incluírán en orixinal ou copias auténticas ou compulsadas, a documentación que a continuación se indica (sen emendas, omisións ou tachadas que poidan levar á Administración, no procedemento de adxudicación, a confusións sobre o seu contido, intención ou natureza).

Así mesmo, e co obxecto de axilizar o proceso da adxudicación, os licitadores facilitarán un número de fax ó Consorcio e unha dirección de correo electrónico, ós efectos de que as comunicacións previas á proposta de adxudicación, esta mesma, a notificación así como outros actos posteriores, se poidan realizar por estes medios.



12.1. SOBRE A: Subtitulado "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA", que de conformidade co disposto polo artigo 130 da LCSP, na súa nova redacción dada pola Lei 34/2010, de 5 de agosto; o art. 80.1 RXLCAP e concordantes, deberá conter a documentación que se relaciona a continuación, a cal deberá presentarse en orixinal ou mediante copias autenticadas ou compulsadas e debidamente relacionada, sen emendas, omisións ou tachadas e, precedendo a toda a documentación que de seguido se indica se fará constar, en folla aparte (dentro do sobre, como primeira páxina) un índice da totalidade dos documentos que o licitador presenta neste sobre "A

1º. Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 61 LCSP e 21 RXLC):

a) Empresario Individual:

Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) e do Número de Identificación Fiscal (se non aparecera reflectido no DNI).

b) Persoas Xurídicas:

- Fotocopia do CIF da empresa.
- Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa.
- Escritura de constitución e, no seu caso, Modificación, inscrita no Rexistro Mercantil ("Caxetín" do Rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para acreditar a capacidade de obrar, deberá presentarse escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

c) Cando o licitador actúe mediante representante, ou se trata dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) pola Secretaría-Intervención do Consorcio.

d) Si se trata de empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, deberán acreditar a súa inscrición nun rexistro comercial cando así se lle esixira pola lexislación do Estado respectivo.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

As empresas estranxeiras, membros da comunidade europea ou non, deberán presentar declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato,



con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativa a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

2º.- Documentos relativos a prohibicións para contratar e outros:

Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningunha das prohibicións para contratar, conforme ao artigo 49 da LCSP. Esta declaración comprenderá expresamente a circunstancia de encontrarse ó corrente das obrigas tributarias -incluídas as obrigas tributarias co Consorcio Provincial de Lugo contra Incendios e de Salvamento, coa Xunta de Galicia e coa Excm. Deputación Provincial de Lugo, así como coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes, nesta declaración farase constar expresamente que o licitador está dado de alta no IAE; no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, non tendo causado baixa no mesmo (Esta declaración poderá realizarse incluíndo no sobre A modelo que figura como Anexo, asinado polo licitador ou o seu representante legal). Nembargante os licitadores deberán ter en conta que, en caso de ser propostos para ser adxudicatario, deberán acreditar debidamente estas circunstancias, no prazo e coas formalidades previstos no presente prego (cláusula décimo oitava).

3º.- Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica:

A solvencia económica e financeira acreditarase polos medios seguintes (art 64 LCSP):

- a) Informes de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante dun seguro de indemnizacións por riscos profesionais.
- b) Tratándose de persoas xurídicas, presentación de contas anuais ou extracto das mesmas, no suposto de que a publicación destas sexa obrigatoria nos Estados onde aquelas se atopan establecidas.
- c) Unha declaración relativa á cifra de negocios global dos servizos ou traballos similares os do obxecto do contrato ou traballos realizados pola empresa no curso dos últimos 4 exercicios, equivalente, como mínimo, ó 50% do valor de licitación do contrato.

A solvencia técnica e profesional nos contratos de servizos acreditarase polos medios seguintes:

- a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados durante os últimos catro anos, que inclúa importes, datas e destinatarios dos mesmos. Os servizos realizados acreditaranse mediante certificados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado ou declaración expedido por este.



b) Indicación do persoal técnico participante no contrato coas titulacións académicas do persoal directivo da empresa, e, en particular do persoal responsable da execución do contrato.

4º.- Garantía provisional:

Resgardo acreditativo da garantía provisional, se a mesma se constituíu en metálico ou títulos valores. Si se constituíu en forma de aval ou por contrato de seguro de caución, presentárase o propio aval ou o contrato de seguro verificados de suficiencia (bastanteados) pola secretaría Xeral do Consorcio Provincial.

5º.- Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Ós efectos sinalados ó principio desta cláusula, os licitadores presentarán o seguinte documento:

<<D/D<sup>a</sup> ....., no seu propio nome (ou: na representación da empresa .....,), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, se realicen mediante o seu envío ó fax núm: ..... ou a dirección de correo electrónico:.....

En ....., .... de ..... de 20\_.-

O Licitador,

(Sinatura do representante e selo da empresa).

6º.- Documentación que ademais da anterior, deberán aportar as Unións Temporais de Empresas:

1. No caso de non estar constituídas formalmente ó tempo de presentar a oferta, cada empresa que forme a unión, deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, na forma sinalada nos apartados 1º, letras b), c).

2. Figurará, así mesmo, o documento indicativo e debidamente asinado polos participantes na Unión sobre os nomes e circunstancias dos empresarios, a participación na unión de cada un deles, e a designación formal da persoa o persoas ou entidades, que, durante a vixencia do contrato, ostentará a representación da UTE ante a Administración contratante.

Empresas exentas de presentación de determinada documentación e documentos que a substitúen:

As empresas inscritas no Rexistro de Documentación de Empresas Contratistas da Deputación Provincial de Lugo e da Xunta de Galicia están eximidas da presentación da documentación á que fan referencia os apartados anteriores, salvo o apartado 1c,4º e 5º, debendo aportar, no seu lugar, certificado ou documento bastante que acredite dita inscrición con data posterior ó inicio do prazo de licitación.



A falsidade ou inexactitude dos datos declarados polo licitador poderá provocar a desestimación da oferta ou, no seu caso, a súa resolución, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios.

Non poderá incluírse neste sobre A, información que permita determinar a puntuación que os licitadores acadarían en base aos criterios de adxudicación. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar a súa exclusión do procedemento de adxudicación.

12.2. Sobre B: Subtitulado " CRITERIOS NON SUXEITOS A VALORACIÓN POR FÓRMULAS MATEMATICAS", que conterà as especificacións recollidas como de necesaria presentación tanto neste prego como no prego de prescricións técnicas, e no que fai referencia ós extremos seguintes:

1º. Relativos ó servizo:

Que incluírá un Plan de Actuación e intervención do servizo, debendo abranguer como mínimo os seguintes aspectos:

Estudio detallado do ámbito territorial de intervención, coa descrición de núcleos de poboación, vías de comunicación, riscos detectados e evolución dos mesmos, tempos de intervención e resposta en caso de intervención.

2º. Relativos ó mantemento do Parque:

Que incluírá tódolos os extremos relativos ós bens aportados polo Consorcio para o funcionamento do Parque, e polo tanto, relativos o mantemento e conservación das instalacións (inmóble e mailo seu entorno), dotacións, material do Parque e dos equipos de intervención, mantemento dos equipos de comunicacións (torre do Parque, unidades dos vehículos, unidades do persoal, unidades de radio, etc.).

3º. Relativos ao mantemento de vehículos:

Que incluírá un estudio detallado dun plan de mantemento dos vehículos en cada un dos parques que forman parte da dotación, así como un plan de substitución dos mesmos por parte do concesionario en caso de substitución ou avaría.

4º. Relativos ó persoal:

Que incluírá o documento debidamente suscrito e asinado polo empresario ou polo representante legal da empresa e comprensivo de, cando menos, os extremos seguintes:

- Unha relación do persoal de cada Parque, na que se incluírá a titulación esixida, a



masa salarial mensual e anual de cada grupo profesional esixido no prego, os incentivos, a organización, as quendas de traballo, etc.

- A información dos procesos selectivos de contratación e selección do persoal, comprensivo dos tipos e características das probas físicas, psicolóxicas, médicas e de coñecementos esixidos.
- A dotación do vestiario para o persoal do servizo, abrangendo como mínimo o recollido no prego de prescricións técnicas, distinguindo a estes efectos os seguintes aspectos:
  - Dotación inicial
  - Dotación complementaria
  - Plan de substitución de material.
- Cantos outros extremos sexan precisos e permitan ó Consorcio coñecer a organización e funcionamento dos efectivos do Parque e, incluíndo, por conseguinte, os relativos ás medidas de seguridade e hixiene no traballo, e aquelas outras que o licitador se comprometa a adoptar e redunden tanto no bo funcionamento do Parque como na dignidade laboral e profesional dos traballadores.

#### 5º. Relativos ó Programa de Formación e Perfeccionamento do Persoal:

Deberá incluír o documento correspondente, debidamente suscrito e asinado polo empresario ou polo representante legal da empresa, onde quede detallado o programa de formación e perfeccionamento do persoal, especificando o seu contido, metodoloxía, número de horas anuais por efectivo, lugar de realización, etc. tomando como base o Anexo das Prescricións técnicas.

En todo caso o Programa formativo deberá distinguir os seguintes aspectos:

- Formación inicial do persoal
- Formación continua do persoal que forma parte do servizo
- Formación do persoal destinado a substitucións

#### 6º. Melloras:

Deberá incluír o documento correspondente, debidamente suscrito e asinado polo empresario ou polo representante legal da empresa, onde se inclúan todas as melloras que o licitador oferte e redunden nunha maior calidade e eficiencia do servizo.

En todo caso, ditas melloras deben especificarse e xustificarse adecuadamente, así como cuantificarse economicamente, indicando, ademais, o calendario de realización ou a entrega das mesmas (data na que serán postas á disposición do contrato), así como a súa duración durante o prazo de vixencia do contrato.

Tamén deberán indicarse aquelas melloras que, de ser o caso, e pola súa natureza, quedarán en propiedade do Consorcio unha vez rematada a vixencia do contrato.



As melloras propostas poderán ou non ser aceptadas polo Consorcio, podendo este esixir o seu importe para aplicalo a outras necesidades dos parques.

7º. Proxecto de Pólizas de Seguro:

Que comprende ás seguintes: Multirrisco Industrial, Responsabilidade Civil, Obrigatorio de Accidentes de Traballo, Seguro de Responsabilidade Civil Obrigatorio e Voluntario de Vehículos e Maquinaria.

E que incluírá a achega de proxectos de pólizas de seguros redactados por compañías de seguros ou corredorías que conteñan todas as cláusulas e condicións que rexerán nos contratos: ámbito obxectivo, subxectivo e temporal, cobertura, riscos incluídos e excluídos, límites e sublímites de indemnización, franquías, primas, vixencia, etc.

Os licitadores terán en conta que o adxudicatario asumirá todos os custos relacionados cos seguros, subscribindo ó seu cargo e mantendo durante a duración do contrato e ata a súa completa extinción, as correspondentes pólizas, entendéndose, en todo caso, que nunca serán inferiores ás obrigatorias segundo as leis e normas vixentes e que, o mantemento de tales seguros non variará ningunha das obrigas de indemnización establecidas polo contrato.

Tamén acompañarse un escrito asinado polo apoderado da compañía de seguros ou corredoría no que conste o compromiso de que, caso de que o licitador resultara adxudicatario subscribirá a/s póliza co mesmo.

Finalmente, deberá tamén acompañarse documento suscrito polo licitador ou o seu representante legal de contratar, sen custos adicionais para o Consorcio, calquera outro seguro non sinalado expresamente neste prego nin nos seus Anexos, e que sexa de contracción obrigatoria conforme á normativa vixente ó tempo de presentar a oferta, coma no caso de se modificar ou derrogar dita normativa durante o prazo contractual ata a súa extinción.

Ós efectos anteriores teranse en conta os extremos seguintes:

- Seguro de MULTIRRISCO INDUSTRIAL: deberá cubrir todos os riscos por danos e perdas que podan quedar expostos: instalacións, equipos, maquinaria ou materiais empregados no desenvolvemento da explotación, desde a data de inicio da actividade e ata o remate do contrato de xestión, en un importe non inferior ó custo total de reconstrución e/ou reposición do total dos bens, e sen desconto por amortización ou obsolescencia.
- Seguro de RESPONSABILIDADE CIVIL: cun límite mínimo de indemnización por sinistro de 1.500.000,00 € (un millón e cincocentos euros) coa fin de cubrir os danos materiais, persoais e prexuízos ocasionados a terceiros no desenvolvemento da actividade, incluíndo responsabilidade civil Patronal, e dende a data de inicio da actividade e ata o remate do contrato de xestión.





- Seguro OBRIGATORIO DE ACCIDENTES DE TRABALLO: Para todo o persoal do adxudicatario
- Seguro de RESPONSABILIDADE CIVIL OBRIGATORIO E VOLUNTARIO DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA.
- Seguro dos VEHÍCULOS: que comprenderá o da totalidade dos vehículos completos que integran cada Parque e que terán o carácter de seguro a todo risco, con franquía máxima de 3.600€ c/u.
- OBSERVACIÓNS XERAIS: A suma asegurada e demais condicións dos seguros deberán axustarse, como mínimo, ós requirimentos esixidos pola normativa vixente. A póliza ou pólizas de seguros deberá formalizarse polo licitador que resulte adxudicatario, cando menos, na mesma data da formalización de contrato regulado neste prego e previa a aprobación pola Administración e, a eses efectos, o adxudicatario queda na obriga de presentar o texto definitivo dos contratos de seguro, cunha antelación de seis días ó previsto da data de formalización do contrato, de tal forma que a Administración poderá esixir as modificacións que considere necesarias para garantir adecuadamente o seu obxecto.

No sobre B non se poderá incluír documento algún que de lugar a poder coñecer a oferta económica dos licitadores. A presentación de dita documentación nun sobre distinto ó C dará lugar a inmediata exclusión do licitador do procedemento de contratación.

12.3. Sobre C: Subtitulado " CRITERIOS OBXECTIVOS", incluírase a proposición económica ofertada polo licitador de acordo co modelo que figura como anexo, e debendo entenderse, a todos os efectos, que as ofertas económicas comprenden e inclúen o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica así como todos os gastos tributos e contribucións que se deriven ou sexan consecuencia do contrato, salvo o IVE que deba soportar a administración contratante, que se expresará como partida independente (art. 129.5 LCSP).

#### DÉCIMO TERCEIRA. GARANTÍAS: PROVISIONAL E DEFINITIVA

13.1. Garantía Provisional.- De conformidade co previsto no art. 91 da LCSP, tendo en conta a natureza e obxecto do contrato, os contratistas deberán prestar unha garantía provisional por importe de 18.864,41 euros (dezaioito mil oitocentos sesenta e catro euros e corenta e un céntimos), resultado de aplicar a porcentaxe do 3 por 100 ó tipo de licitación, sen IVE, conxugado co tipo de licitación referido a unha anualidade segundo queda reflectido na cláusula 2ª do presente prego.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última en cuxo caso a garantía provisional cancelárase simultaneamente á constitución da definitiva, segundo dispón o artigo 91 da LCSP. Responderá esta garantía do mantemento da oferta polo licitador, da



presentación da documentación esixida previa á subscrición do contrato, e de cantas outras causas aparecen recollidas legal e regulamentariamente, podendo incautarse, no seu caso, se houberse incumprimento e, incluso, resolución contractual polas causas descritas.

13.2. Garantía definitiva .- De conformidade co artigo 83 da LCSP, a garantía definitiva ascenderá á contía que resulte de aplicar a porcentaxe do 5 por 100 , sen IVE, ó importe do prezo de adxudicación conxugado co prazo inicial do contrato do mesmo xeito que se aplica no cálculo da garantía provisional reflectido no apartado anterior.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a prestación da garantía definitiva, dentro do prazo de dez días hábiles a partires do seguinte desde a recepción do requirimento feito pola Administración contratante a tales efectos (artigo 135.1 LCSP)

A garantía poderá constituírse, de conformidade co artigo 84.1 da LCSP, en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, cos requisitos establecidos nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesouraría da Administración contratante. Os avais e os certificados de seguro de caución deberán estar verificados de suficiencia (bastanteados) pola Secretaría Xeral do Consorcio Provincial.

Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 87 da LCSP

De conformidade co artigo 90 da LCSP, cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultasen responsabilidades que deban exercitarse sobre a garantía, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela.

Transcorrido un ano dende a data de terminación do contrato sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 88 de LCSP.

#### DÉCIMO CUARTA. MESA DE CONTRATACIÓN: FORMACIÓN E CONSTITUCIÓN.

14.1. Formación.- A Mesa de Contratación, que ten como cometido principal a formulación da proposta de adxudicación ó órgano de contratación, será nomeada pola Presidencia do Consorcio previa designación da súa formación consonte queda establecido a continuación:



O Presidente do Consorcio Provincial, que actuará como presidente, o Vicepresidente do Consorcio Provincial e dous vogais (un proposto pola Xunta de Galicia e un proposto pola Deputación de Lugo).

A persoa titular da Secretaría – Intervención do Consorcio que actuará coas funcións encomendadas pola Disposición adicional segunda LCSP.

14.2. De conformidade cos artigos 134 LCSP e 28 e 29 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público constituirase un comité de expertos que contará con catro membros, formado por expertos na materia, expertos non integrados no órgano proponente do contrato. Os membros do comité serán designados polo Presidente do Consorcio de entre o persoal da administración contratante ou doutras administracións.

A designación publicárase no perfil do contratante con carácter previo á apertura do sobre B.

O Comité de expertos estará constituído por:

- Dous técnicos expertos propostos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Dous técnicos expertos propostos pola Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A persoa titular da Secretaría – Intervención do Consorcio os efectos de estender as actas das reunións dos mesmos.

#### DÉCIMO QUINTA. ACTUACIÓNS DA MESA E COMITÉ DE EXPERTOS.

15.1. Cualificación da documentación e emenda.- A Mesa constituirase para a cualificación previa da documentación e comprobación da acreditativa da personalidade do licitador da súa capacidade e solvencia técnica, económica e financeira (sobre “A”), dentro dos trinta días hábiles ó seguinte do remate de presentación de ofertas polos licitadores.

Ós efectos anteriores, a data, lugar e hora, será publicado no perfil do contratante do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo de Incendios e Salvamento.

Se a Mesa observara defectos materiais na documentación presentada, dará conta aos asistentes dos erros detectados, concedendo, sempre que os referidos erros sexan cualificados como subsanables un prazo de 3 días hábiles de conformidade co artigo 103.1 da LCSP e o artigo 81 do RXLC para que o licitador subsane o error apreciado, extremo que deberá ser notificado polo secretario da Mesa a través de fax ou correo electrónico aos interesados. A Mesa de contratación, para os efectos de completar a acreditación da solvencia dos solicitantes, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios.



En todo caso, as proposicións presentadas que non se axusten ó contido estrito esixido pola Cláusula 12.1 deste prego, non serán admitidas á licitación. Será concedida ós interesados a posibilidade de facer as manifestacións ou solicitar as aclaracións que estimen oportunas, procedéndose pola Mesa a dar respostas ás dúbidas sobre os extremos requiridos xa que, rematado ese momento, non serán admitidas observacións nin interrupcións ó acto. Os interesados terán en conta que a Mesa non se fará cargo de documento novo ningún que presenten os licitadores nese momento.

De conformidade co artigo 25 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, a apertura do sobre B, farase en acto público; acto que para esta contratación terá lugar o mesmo día fixado para a cualificación dos sobres A sempre que non resulte precisa a subsanación de erros ou omisións. Neste acto realizarase a apertura do sobre “B”, dando ocasión aos interesados a comprobar que os sobres están nas mesmas condicións nas que foron entregados e procederase a verificación do contido dos mesmos para, finalmente, solicitar ao Comité de Expertos o oportuno informe de avaliación de ofertas de acordo cos criterios subxectivos, que para tal fin figuran na cláusula 16 deste prego.

Se existira discrepancia entre as proposicións presentadas e a certificación ó efecto emitida ou ben, xurdan dúbidas sobre as condicións do segredo debido na súa custodia, o acto será suspendido de xeito inmediato iniciándose con urxencia as pescudas oportunas sobre os feitos, volvéndose a anunciar, no seu caso, e mediante inserción no Taboleiro de Anuncios do Consorcio, o novo inicio do acto público unha vez que os sucesos estiveran debidamente clarexados.

Finalmente a Mesa solicitará o informe do Comité de expertos, informe relativo ao criterios de adxudicación non avaliábeles automaticamente mediante fórmulas matemáticas (subxectivos) e, levantarase Acta da reunión que asinarán todos os membros da Mesa de Contratación.

15.2. Emitido o informe polo Comité de expertos e cantos outros, no seu caso, foran solicitados pola Mesa de contratación, a Mesa xuntarase de novo coa fin de proceder á apertura en acto público do sobre C. A puntuación asignada aos criterios non avaliábeles mediante fórmulas darase a coñecer no acto público de apertura do sobre C de conformidade co disposto no artigo 30 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro.

15.3. No mesmo día do acto anterior ou ben nun acto posterior, a Mesa xuntarase de novo co obxecto de realizar a valoración total e formular a proposta de adxudicación ó órgano competente para a contratación de conformidade emitíndose, seguidamente, a acta correspondente, que se elevará ó indicado órgano, xunto co resto de Actas, informes, documentos e antecedentes que obren no expediente.

## DÉCIMO SEXTA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

16.1. Criterios de valoración.- A Mesa de Contratación formulará a súa proposta e o órgano de contratación adxudicará o contrato ó licitador que, no seu conxunto, presente



a oferta economicamente máis vantaxosa de acordo cos criterios que a continuación se indican.

Cada oferta será valorada de 0 ata 100 puntos en función de cada un dos elementos seguintes:

#### CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS

##### 1. OFERTA ECONÓMICA: Se valorará desde 0 e ata 40 puntos

Para a valoración deste apartado terase en conta:

- Aquelas ofertas que igualem o prezo de licitación serán valoradas con 0 puntos.
- Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 18.
- Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á baixada ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$Po = POE * \frac{(OL - Oi)}{(OL - Ob)}$$

Onde:

Po = puntuación da oferta

POE = puntuación da oferta económica

OL = orzamento de licitación

Oi = oferta presentada

Ob = oferta máis baixa presentada

#### CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR:

Valoraranse en función da súa utilidade para a prestación do servizo.

##### 1. RELATIVOS AO PERSOAL

1.1.- Medios humanos adicionais sobre o mínimo esixido polos pregos de prescricións técnicas: máximo 25 puntos.

A puntuación neste apartado valorará o seguinte:

- Efectivos de intervención (bombeiros-condutores):
  - Oferta de un número superior ós 11 esixidos en quendas ordinarias: 17 puntos
  - Oferta de efectivos a tempo parcial (incremento de número de efectivos en quendas concretas, tales como fins de semana, festivos, etc) 8 puntos

A puntuación será realizada outorgando a máxima puntuación á empresa que aporte mais efectivos e o resto de forma proporcional



1.2.- Horas adicionais a disposición do consorcio e a cargo do concesionario sobre o mínimo esixido polos pregos de prescricións técnicas, referidas os bombeiros-condutores: máximo 10 puntos

A puntuación será realizada outorgando a máxima puntuación á empresa que aporte mais horas e o resto de forma proporcional

## 2. RELATIVOS A ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

- Plan de intervención: 5 puntos

## 3. RELATIVOS A FORMACIÓN DO PERSOAL

- Plan de Formación: 5puntos

## 4. RELATIVOS AS MELLORAS PARA OS TRABALLADORES

- Melloras sociais para os traballadores: máximo 5 puntos

Valorarase a aportación de alomenos cinco (5) medidas diferentes.

A puntuación será realizada do seguinte xeito: outorgando a máxima puntuación á empresa que aporte máis melloras e o resto de forma proporcional.

## 5. RELATIVOS ÁS MELLORAS NOS SEGUROS

- Melloras nas Pólizas de seguros: máximo 5 puntos

## 6. OUTRAS MELLORAS

Outras melloras que redunden en beneficio do servizo: máximo 5 puntos.

-Melloras no subministro e substitución de vestiario: 3 puntos

-Procesos de selección de persoal: 2 puntos

A estes efectos, as melloras serán efectivamente valoradas en canto a súa contribución real á mellora da calidade e eficiencia no servizo, e farán referencia ós extremos anteriormente sinalados.

As empresas deberán presentar debidamente estruturadas as súas ofertas, de modo que se presente de forma ordenada e clara por unha banda a oferta que fai referencia ás esixencias mínimas dos pregos e ás súas ofertas, e, por outra banda, unha oferta detallada das melloras con indicación expresa do grupo de criterios de cada mellora ofertada.

De non axustarse a esta esixencia non será obxecto de valoración.



Todas as melloras deben referirse a material novo e indicarse de xeito expreso o momento en que se entregará ó Consorcio, así como a valoración económica de todas e cada unha das melloras e o seu prazo de garantía.

#### DECIMO SÉTIMA. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

##### A) EN RELACIÓN COA OFERTA ECONÓMICA

Será considerado que, en principio, é anormal ou desproporcionada as ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais ó tipo de licitación. Á oferta se incorporará un orzamento desglosado por partidas da oferta económica por cada un dos conceptos que se inclúen na mesma (gastos de persoal, gastos xerais, mantemento, seguros, etc)

##### B) EN RELACIÓN COS CRITERIOS NON AVALIABLES POR FÓRMULAS MATEMÁTICAS

Poderán considerarse anormais ou desproporcionadas, a xuízo da Mesa de contratación, aquelas ofertas que conteñan valores que se estime que non poden ser cumpridos, en función do prezo do contrato e dos mínimos esixidos nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas..

De conformidade co artigo 136 da LCSP, cando se identifique unha proposición que poida ser considerada anormal ou desproporcionada, darase audiencia ao licitador que a presentara para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vai a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

Se o Órgano de Contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes técnicos preceptivos, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluírá a mesma da clasificación feita pola Mesa de Contratación e acordará a adxudicación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo co orde en que fosen clasificadas.

#### DECIMO OITAVA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE PRESENTE A OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA.

De conformidade co art. 135.2 da LCSP, o Órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a seguinte documentación:



- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta neste, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pagamento. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que os faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Lugo, polo que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con esta.
- Certificación expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Resgardo acreditativo da garantía definitiva, constituído de conformidade co disposto neste prego.
- Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, deberá achegar escritura pública de constitución como tal

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, deberá acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

No suposto que haxa de terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións ás que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP e ter a vixencia indicada no artigo 16 do mesmo precepto legal.

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar ademais certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade.

DÉCIMO NOVENA. ADXUDICACIÓN.





O órgano competente para a contratación, deberá adoptar o correspondente acordo resolutivo de adjudicación, dentro do prazo máximo de dous meses desde a data de apertura das proposicións, de conformidade co disposto no artigo 145.2 da LCSP, de non adjudicarse neste prazo, os licitadores teñen o dereito da devolución ou cancelación das garantías prestadas.

Os licitadores deberán manter as súas ofertas durante o prazo de dous meses desde a apertura das mesmas.

Os prazos indicados ampliaranse en quince días cando sexa necesario seguir os trámites aos que se refire o artigo 136.3 da LCSP e a cláusula 17 deste prego.

De conformidade co artigo 135 da LCSP, na súa redacción dada pola Lei 34/2010, de 5 de agosto, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación referida na cláusula anterior.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adjudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de Xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Porén, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días

#### VIXÉSIMA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato que se deriva da presente licitación, se formalizará por escrito en documento administrativo na data que a Administración contratante sinala no anuncio de adjudicación, aínda que sempre dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adjudicación (artigo 140.3 da LCSP).

Actuará como representante do Consorcio quen ocupe a Presidencia do mesmo nese intre e, como representante do contratista quen así o teña acreditado no expediente, salvo presentación de novos documentos e poderes notariais que verifiquen o outorgamento desa representación a persoa distinta. Dito contrato formalizarase ante a Secretaría do Consorcio que asistirá nas súas funcións de fe pública, emitíndose tres exemplares do mesmo, coa fin da súa entrega as partes do contrato.

Os pregos de prescricións técnicas e os de cláusulas administrativas terán carácter contractual, polo que deberán ser asinados en proba de conformidade no mesmo acto de formalización do contrato.



En caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos documentos contractuais, prevalecerá o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando, por causas imputables ao contratista, non se houbera formalizado o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe de la garantía provisional

#### VIXÉSIMO PRIMEIRA. ENTREGA DOS BENS APORTADOS POLO CONSORCIO.

21.1. Posta a disposición dos bens ó contratista.- Previamente ó inicio da prestación do servizo, levantarase a Acta correspondente do inventario de inmobles, bens, instalacións, vehículos, equipos e cantos outros se poñerán a disposición do adxudicatario para a prestación da xestión do servizo, nesa Acta se reflectirá o estado de funcionalidade dos bens, e subscribita por ámbalas dúas partes, se entenderá que está prestada a conformidade e comezará a prestación do servizo, salvo que algún dos bens ou equipos non se atopen en condicións de funcionalidade, en tal caso, deberá facerse constar ese extremo na Acta de tal forma que:

- Se o ben ou equipo en mal estado non fora de natureza esencial para o funcionamento do servizo, con independencia da súa necesaria reposición, arranxo ou o que procedera, se iniciará a prestación da xestión do servizo, subscribíndose unha Acta anexa á primeira, unha vez repostos o ben ou equipo inicialmente en mal estado.
- Se o ben ou o equipo estivese nun estado que impedira por ese motivo iniciar o normal funcionamento do servizo, non comezará o mesmo ata que se poñan os medios ou bens no estado de normal funcionamento, subscribíndose a Acta correspondente cando a Administración os poña en estado de ser normalmente utilizados.

21.2. Posta a disposición dos bens ó Consorcio.- De idéntica forma á anterior, se procederá no momento da resolución ou na fin do contrato, segundo procedera, estando, en consecuencia na obriga, o contratista-concesionario, de repoñer os bens ou equipos, e deixar en condicións de bo uso, cantos bens lle foron postos a súa disposición ó inicio da prestación do servizo. Caso contrario, o Consorcio procederá ás reparacións ou reposicións que procedera con cargo á garantía definitiva prestada polo contratista.

21.3. Bens non incluídos na oferta.- Se o contratista, durante o prazo de concesión (incluídas as prórrogas) desexara introducir outros distintos bens ou artigos non incluídos na súa oferta, a inclusión dos mesmos e dos prezos deberá ser previamente autorizada polo Consorcio. Para o cálculo dos prezos, terase en conta, os incluídos como mellora, no seu caso, na oferta do contratista e coa revisión de prezos á que fai



referencia a cláusula 4ª deste prego, así como, caso de non estar incluídos naquela, os prezos nos que, no seu día, adquiriu bens de similar natureza o propio Consorcio e, neste último caso, poderán aportarse prezos contraditorios se o contratista estima unha porcentaxe superior ó 20 por 100 do prezo inicial estimado polo Consorcio.

#### VIXÉSIMO SEGUNDA. TITULARIDADE DO SERVIZO, RISCO E VENTURA.

A titularidade do servizo público regulado neste prego e máis o contrato do mesmo derivado, correspóndelle en exclusiva ao Consorcio Provincial, segundo se recolle no Decreto 19/2009, do 5 de febreiro, polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, sen prexuízo de que a xestión do mesmo, de xeito indirecto, se preste polo concesionario, que non poderá por tal motivo xerar responsabilidade algunha ó Consorcio polo funcionamento do servizo do que é xestor.

En consideración ó anterior, a execución do contrato se realiza a risco e ventura do contratista-concesionario, non tendo o mesmo dereito ningún a indemnizacións por causa de avarías, perdas ou prexuízos ocasionados pola explotación do servizo.

En calquera caso, o contratista non terá dereito a indemnización ningunha por extinción do prazo inicial da concesión sen que o Consorcio aprobase prórroga da mesma, ou rematada calquera das aprobadas.

#### VIXÉSIMO TERCEIRA. OBRIGAS DO CONTRATISTA - CONCESIONARIO.

Son obrigas do contratista ademais das recollidas no artigo 256 da LCSP, as seguintes:

Serán de conta do contratista todos os gastos derivados da publicidade da licitación que o órgano de contratación decida realizar en Boletíns Oficiais e nun xornal de cada provincia por unha soa vez (art. 67.2.g RX), así como os de formalización do contrato, se este se elevase a escritura pública. Os citados gastos de publicación descontaranse no primeiro pagamento efectuado a favor do contratista, salvo que o mesmo acredite o ingreso do custo daqueles na Tesouraría da Administración contratante.

Serán de conta do contratista a indemnización de todos os danos e prexuízos que se causen, tanto a Administración contratante como a terceiros, como consecuencia das operacións que requiran a execución do contrato, salvo que tales prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración. En todo caso, e respecto do seguro de responsabilidade civil no caso de que a/s póliza non cubrira a responsabilidade patrimonial entendida no senso dos artigos 139 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, responsabilidade que, como concesionario dun servizo público, corresponde ó contratista-concesionario, isto non suporá que dito contratista-concesionario poida alegar fronte ó Consorcio ou fronte a terceiros prexudicados, a vixencia e aceptación da súa póliza como eximente da súa responsabilidade, xa que esta, de conformidade co art. 97 do Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, seguirá plenamente vixente.



Respecto do persoal.- O contratista contará cos efectivos necesarios para a execución do contrato. Ese persoal dependerá exclusivamente do contratista quen terá todos os dereitos e deberes inherentes da súa calidade de empresario respecto ó mesmo, sendo a Administración contratante completamente allea a esas relacións laborais, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar ó contratista, en calquera momento, cantos antecedentes e documentos estime por conveniente sobre o persoal, os seus contratos, Seguridade Social, etc., co obxecto de comprobar que o contratista cumpre coas normas contractuais así como coas vixentes nesa materia e as procedentes respecto á Seguridade e Hixiene no Traballo e Prevención de Riscos Laborais, así tamén, e do mesmo xeito, poderá esixir a Administración os documentos ou antecedentes precisos para comprobar que o contratista cumpre coas melloras que respecto ó persoal se introduciron no contrato, como consecuencia da mellora do contratista no momento da licitación. O contratista deberá ter en conta que, se en calquera momento, sofren atraso o pago das nóminas do persoal ou o da Seguridade Social ou do IRPF dos traballadores, previamente retido polo contratista como empresario, o Consorcio poderá reter a cantidade mensual que corresponda ó pago ó contratista coa fin de que se realicen os abonos por tales conceptos e incluso podería incautar parte da garantía definitiva, co obxecto de que ditas obrigas estean, en todo momento, debidamente cumpridas. Neste último caso, se retería o pago da cantidade das mensualidades correspondentes ata chegar de novo á cantidade completa da garantía.

Continuidade do servizo.- O contratista debe asegurar os medios para que a prestación do servizo e execución do contrato queden asegurados en todo momento, procedendo, se fora necesario, á substitución do persoal que se precisara.

Tributos e gastos.- O contratista deberá abonar os impostos, tributos e gastos que procedan tanto estatais, autonómicos ou locais ós que dea lugar a prestación do servizo, así como os recargos sobre os mesmos que puideran establecerse.

Mantemento.- O contratista está na obriga de conservar e manter en perfectas condicións os locais, instalacións, vehículos, equipos, bens mobles e inmobles e, en xeral, todos os entregados pola Administración e postos a súa disposición para a prestación do servizo incluídos aqueles que puxera o contratista á disposición do servizo vaian ou non a repercutir na fin do contrato na Administración, sendo da súa conta as reparacións e abono dos desperfectos que se observen durante o prazo do contrato e con ocasión do seu remate e que excedan do deterioro normal derivado dun uso coidadoso. En todo caso, o contratista dará conta ó Consorcio das reparacións a efectuar, que serán da súa conta, e presentará as facturas correspondentes para coñecemento do Consorcio.

Revisións.- O contratista queda na obriga de aboar a súa costa as revisións periódicas segundo as instrucións de cada un dos bens e máis canto aconselle o normal uso coidadoso dos mesmos, facendo os mantementos preventivos que foran precisos para a eficaz vida útil dos bens postos ó seu cargo. O contratista terá en conta que a falta de conservación adecuada dos bens, poderá ser considerada como causa de resolución do contrato. Deste xeito, por unha banda, o contratista presentará ó Consorcio as facturas ou partes xustificativos dese mantemento e, por outra banda, o Consorcio resérvase a facultade de inspeccionar o estado das instalacións e bens en xeral e comprobar a efectividade desas operacións de mantemento e conservación.



Limpeza e conservación.- Serán de conta do concesionario os custos pola limpeza e conservación dos inmobles e mobles, incluídos os vehículos, así como a reposición dos elementos que quedasen inservibles.

Informe mensual.- O contratista deberá remitir ó Consorcio un informe mensual sobre o mantemento.

#### VIXÉSIMO CUARTA. PAGOS DO PREZO DO CONTRATO.

O prezo do contrato será, como máximo, o que figura na cláusula 2ª deste prego (suxeito, tras a primeira das anualidades do contrato ó disposto na cláusula 4ª), nembargantes se o contratista ofertou unha baixa sobre o mesmo, o prezo será o que resulte da mesma e que será incluído no acordo de adjudicación. No prezo está incluída a totalidade dos gastos inherentes á xestión, tal y como se estipula neste prego, e para o período contractual.

O pago do prezo se realizará mensualmente, a partires da acta de inicio do servizo que deberá ser subscripción por representantes da empresa adjudicataria e do Consorcio, a mes vencido previo o cumprimento das seguintes condicións:

1. Presentación da factura polo contratista - concesionario.
2. Informe favorable da Xerencia do Consorcio ou, no seu caso, da Presidencia ou persoal designado por esta.
3. Aprobación da factura polo órgano competente do Consorcio.

A Administración deberá aboar o importe do prezo dentro dos prazos establecidos nos artigos 200, 200 bis e Disposición Transitoria Oitava, da LCSP, redacción dada pola lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Ditos prazos computaranse a partir do seguinte á data de expedición dos documentos que acrediten a realización do contrato.

Se a demora no pagamento fose superior a catro meses, contados a partir do vencemento dos prazos a que se refire o parágrafo anterior, o contratista poderá proceder, se é o caso, á suspensión do cumprimento do contrato, debendo comunicar á Administración cun mes de antelación, tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos na LCSP.

Se a demora da Administración fose superior a oito meses, contados a partir do vencemento dos prazos a que se refire o parágrafo primeiro da presente cláusula, o contratista terá dereito, así mesmo, a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen.

Todo elo sen prexuízo das facultades que lle corresponden, de acordo co establecido no artigo 200bis da Lei 15/2010, de 5 de xullo.



O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que a devandita cesión produza efectos, e a Administración expida o mandamento de pagamento a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fidedignamente a esta última o acordo de cesión (art. 201 LCSP).

#### VIXÉSIMO QUINTA. INSTRUCCIÓN SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO CONTRATO.

O Consorcio poderá designar, de conformidade co artigo 41 da LCSP, unha persoa responsable do contrato á que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente, organismo ou entidade contratante ou allea a el.

#### VIXÉSIMO SEXTA. PROPOSTAS DE MELLORA OU MODIFICACIÓNS NO SERVIZO.

No suposto que o concesionario tivera proposto melloras no momento de formular a súa oferta e, as mesmas foran aceptadas pola Administración no momento da adxudicación, deberán incorporarse ó contrato para o seu debido cumprimento. Tales melloras, non suporán, en caso ningún, incremento no prezo de adxudicación nin, polo tanto, do contrato e, tendo en conta que as mesmas deberán estar especificamente valoradas economicamente, si fora o caso, e aínda non estiveran cumpridas o Consorcio, tomando en consideración esa valoración, poderá dedicar a contía resultante a outros elementos que se considerasen máis necesarios para a mellor e eficaz prestación do Servizo, sen que poda negarse o contratista á realización dese cambio.

Así mesmo, o contratista poderá propoñer á Administración, e sempre por escrito, no curso da execución do contrato, as melloras e modificacións que estime oportunas, aínda que non poderá levalas a cabo, ata que non estean expresamente autorizadas polo Consorcio.

#### VIXÉSIMO SÉTIMA. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

O contrato só poderá ser modificado por razóns de interese público e causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente e sen que ditas modificacións poidan afectar ás condicións esenciais do contrato, tal como dispoñen o artigo 202 e 258 da LCSP.

En todo caso, a modificación contractual, deberá formalizarse a mesma conforme ó disposto polo art. 140 da LCSP.

Ós efectos anteriores, non será considerada modificación, sen prexuízo das formalidades que procedan, o cambio de destino de mellora sinalado na cláusula 16.

#### VIXÉSIMO OITAVA. SUBCONTRATACIÓN.



O contratista unicamente poderá subcontratar prestacións accesorias do contrato e sempre coa previa autorización e conformidade do Consorcio, que deberá coñecer o motivo e xustificación da subcontrata e máis os datos da empresa que pretende subcontratarse, podendo esixir, previamente á formalización da subcontratación, a presentación de todos ou parte dos documentos que figuran na cláusula 12.1 deste prego ó/s inicialmente subcontratista/s.

#### VIXÉSIMO NOVENA. INCUMPRIMENTO CONTRACTUAL E EFECTOS.

30.1. Norma xeral.- O incumprimento de calquera das obrigas establecidas con carácter preceptivo neste prego e no de Prescricións Técnicas así como, no seu caso, na oferta do contratista aceptada polo Consorcio. Serán causas de resolución as contempladas nos artigos 206 y 262 de la LCSP.

30.2. Causas específicas.- Ademais das sinaladas expresamente no punto anterior, serán tamén causas específicas de resolución do contrato, as seguintes:

1. A falta da dilixencia debida na prestación do contrato.
2. A no utilización de todos os medios necesarios e precisos para o cumprimento do contrato para evitar calquera dano a persoas ou bens, especialmente, en situacións de risco ou emerxencia, por incendios, derrames, explosións, inundacións, accidentes de circulación, rescates e salvamentos e, en xeral, calquera outra situación de perigo obxecto do contrato.
3. Non atender inmediatamente e con carácter de urxencia, todas as chamadas de emerxencia, en todas as situacións previstas no contrato.
4. Non dispoñer do persoal, vehículos, equipamento, etc. que, de acordo co contrato, debe adscribir o contratista en cada momento ó cumprimento do contrato.
5. Non dispoñer dos medios técnicos e materiais precisos e nas mellores condicións para garantir a seguridade e integridade do persoal adscrito á empresa para o cumprimento do contrato, así como o incumprimento polo contratista das normas sobre prevención de riscos laborais, seguridade e hixiene no traballo, da Seguridade Social, pagos ó persoal, e calquera outro incumprimento en xeral, relativo ó persoal, que atente contra a dignidade profesional ou laboral dos traballadores.
6. O inadecuado mantemento, tanto nos seus aspectos preventivos como de conservación, reparación e reposición, da parte construtiva do Parque e das súas instalacións, así como do resto do material, vehículos, emisoras, etc. adscritos polo Consorcio para o cumprimento do contrato.
7. Non remitir de forma reiterada o informe mensual de mantemento.
8. O incumprimento do programa anual de formación do persoal.

30.3. Incautación da garantía.- En todo caso, cando o contrato sexa resolto por incumprimento culpable do contratista, será incautada a este a garantía definitiva e complementaria, debendo ademais indemnizar o contratista ó Consorcio dos danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe desas garantías.



30.4.- Outros danos sen resolución contractual.- Se do incumprimento por parte do contratista fora derivada, ademais, unha grave perturbación do Servizo Público, e a Administración non decidira a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo ata que aquela causa desapareza. En todo caso o contratista deberá aboar á Administración o importe derivado dos danos e prexuízos que efectivamente lle producira por tales conceptos.

Os efectos da resolución, serán, con carácter xeral, os recollidos no artigo 264 da LCSP

#### TRIXÉSIMA. INSPECCIÓN E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.

O contratista queda na obriga de organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ás características do contrato, e dentro dos prazos nel sinalados, ademais do cumprimento das obrigas que, con carácter xeral figuran no contrato, debe cumprir, así mesmo, a normativa vixente, xeral e sectorial, respecto ó obxecto do contrato e Servizo Público que comprende.

Se fora observado un mal coidado dos vehículos, inmobles, mobles e demais elementos postos á disposición do contratista para a prestación do servizo público que comprende o contrato, o Consorcio poderá optar, ben pola resolución do contrato –con incautación da garantía total- ou ben, pola imposición ó contratista, de penalidades de conformidade co disposto polo art. 95 TRLCAP, e que se verán materializadas economicamente, mediante as correspondentes deducións nas facturas mensuais, previa audiencia do contratista-concesionario.

Co fin tanto de observar o bo funcionamento do Servizo como, no seu caso, detectar posibles deficiencias no mesmo, o Consorcio levará a cabo as inspeccións que estime por conveniente, e solicitará a documentación e información que estime precisa, estando o contratista - concesionario na obriga de lle facilitar cantos datos, antecedentes e información lle sexa solicitada para tales efectos. Estas labores de inspección, non requirirán que por parte do persoal do Consorcio encargado delas, se avise previamente ó contratista.

#### TRIXÉSIMO PRIMEIRA. REVERSIÓN.

Rematado o prazo contractual o contratista deberá entregar as instalacións e demais inmobles, así como os bens, vehículos, equipos, e canto se puxo a súa disposición e baixo a súa responsabilidade, incluíndo as melloras prestadas, no estado de conservación e mantemento adecuados.

Ós efectos anteriores, o Consorcio antes dos dous meses de finalización do prazo contractual, adoptará as disposicións necesarias encamiñadas a que a entrega da totalidade dos bens poda ser verificada nas condicións contractuais.

Se a totalidade dos bens se atopa nas condicións de ser recibidos, se subscribirá a Acta á que se fai referencia na cláusula 21.2 deste prego, comezando a contar, desde a data da súa subscripción, o prazo de garantía.





Se, pola contra, o Consorcio aprecia que unha parte ou a totalidade dos bens non están nas condicións de ser recibidos, requirirá ó contratista para que arranxe os defectos observado ou ben, outorgando para elo un prazo que será razoado en función do ben e natureza do defecto. Ós efectos anteriores poderá o Consorcio tamén optar por contratar cun terceiro as obras e traballos precisos, para que os bens defectuosos podan estar en condicións de recibirse, e neste caso, os custos serán de contra do contratista que resultou adxudicatario e concesionario do servizo.

Lugo a 24 de setembro de 2010  
O SECRETARIO- INTERVENTOR



## ANEXO I

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN INDIRECTA MEDIANTE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS QUE ABRANGUE OS PARQUES DE BOMBEIROS DE BARREIROS, VILALBA E VIVEIRO.

### I. DESCRIPCIÓN DO SERVIZO

#### 1.- DEFINICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO. CONDICIÓN XERAIS E RÉXIME XURÍDICO.

Será obxecto do contrato, a prestación, polo sistema de xestión indirecta, modalidade de concesión, do servizo de intervención nas emerxencias relacionadas no punto 2 (Alcance e contido) do presente prego de prescricións técnicas, no ámbito territorial de cada un destes parques, con independencia da súa actuación profesional en caso necesario fóra dos límites do mesmo, a nivel comarcal e provincial, ou mesmo autonómico.

O servizo obxecto deste contrato será o prestado polos parques de Barreiros, Vilalba e Viveiro.

Os municipios que compoñen o ámbito territorial de ditos parques son os seguintes:

Abadín  
Alfoz  
Barreiros  
Burela  
Begonte  
Cospeito  
Cervo  
Foz  
Guitiriz  
Lourenzá  
Mondoñedo  
Muras  
O Valadouro  
O Vicedo



Ourol  
Outeiro de Rei  
A Pastoriza  
Rábade  
Ribadeo  
Riotorto  
Trabada  
Vilalba  
Viveiro  
Xermade  
Xove

Non obstante, este ámbito territorial poderá ser variado en función dos acordos adoptados polo Consorcio, que se podan realizar tendo en conta unha nova distribución territorial.

A prestación do servizo comezará a partires da comunicación que o Consorcio efectúe a empresa adxudicataria para iniciar as actividades en cada parque, que non terá que ser necesariamente coétanea. A estes efectos o Consorcio comunicará á empresa con antelación suficiente, mínimo de 60 días naturais, o comezo da prestación do servizo para cada parque.

## 2.- ALCANCE E CONTIDO

A prestación do servizo incluirá, en todo caso e como mínimo, a actuación nas situacións seguintes:

- ✓ Incendios
- ✓ Derrames
- ✓ Explosións
- ✓ Inundacións
- ✓ Accidentes de circulación.
- ✓ Rescates e Salvamentos.
- ✓ Actividades de prevención
- ✓ Aquelas situacións de emerxencia que teñan análogas características ás anteriores ou que puideran derivarse delas.

O xeito concreto de prestación deste servizo deberá ser detallado polos licitadores a través da presentación dun “PLAN DE ACTIVIDADES” que inclúe: de servizo, de mantemento do parque e de substitución de vehículos e equipos, e que será obxecto de valoración xunto cos outros criterios que así mesmo se establezan.

### Contido do Plan de DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO

En todo caso, na elaboración deste plan deberanse ter en conta os seguintes aspectos:



- ✓ Coñecemento e adaptación ó ámbito xeográfico de actuación, incluíndo distribución da poboación, asentamentos industriais, vías de comunicación, medio natural, etc.
- ✓ Valoración dos sistemas e medios de seguridade ou intervención en emerxencias xa existentes no ámbito de actuación do servizo e as súas zonas limítrofes e fórmulas de coordinación cos mesmos.
- ✓ Elaboración de plans de actuación en emerxencias concretas, que inclúan as previsións, respecto dos tempos de resposta, e medios a empregar na súa resolución.
- ✓ Medios persoais e, no seu caso, materiais que se empregarían, así como as previsións respecto das melloras sociais para o persoal e da súa selección, formación, reciclaxe e actualización.

### 3.- MEDIOS QUE APORTA O CONSORCIO

Para a prestación do servizo, o Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento aportará ó adxudicatario os medios seguintes:

#### 3.1 VEHÍCULOS:

##### PARQUE DE BARREIROS

- 1 camión de altura (escaleira automática)
- 1 camión nodriza
- 1 camión BUL
- 1 vehículo de mando

##### PARQUE DE VILALBA

- 1 camión de altura-mixto
- 1 camión nodriza
- 1 camión BUL
- 1 vehículo de mando

##### PARQUE DE VIVEIRO

- 1 camión de altura (escaleira automática)
- 1 camión nodriza
- 1 camión BUL
- 1 vehículo de mando

#### 3.2. INMOBLES E MOBLES:

Aportará as propias instalacións de cada parque e do entorno onde se asenta, así como o seu equipamento: tanto o propio de oficinas e instalacións como dos equipos contra incendios e intervencións, agás os que correspondan ao vestiario e aos Equipos de Protección Individual (EPI's) do persoal.



A estes efectos, se facilitarán todas e cada unha das condicións técnicas dos vehículos, instalacións e equipamento.

O adxudicatario asumirá respecto de todos estes bens as obrigas que, respecto do concesionario, se establecen na normativa de contratacións das Administracións públicas.

#### 4.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO RESPECTO DOS BENS APORTADOS POLO CONSORCIO

Ademais das xerais que quedan sinaladas no parágrafo anterior, o adxudicatario asumirá ó seu cargo, as seguintes obrigas concretas:

- ✓ Mantemento da parte construtiva do parque, entendendo como tal tanto a obra como o entorno do mesmo, que forma parte do parque.
- ✓ Mantemento das instalacións do parque.
- ✓ Mantemento do material do parque e dos equipos de intervención.
- ✓ Mantemento dos vehículos contra incendios.
- ✓ Mantemento dos equipos de comunicacións: torre do parque, unidades dos vehículos, unidades do persoal, unidades de radio...
- ✓ Os gastos de reparación e limpeza do vestiario durante o desenvolvemento das actividades e, a súa renovación e reposición, correrá a cargo do adxudicatario de xeito que se atope sempre en perfectas condicións de uso.
- ✓ Mantemento en perfecto estado interno e externo tanto das instalacións do parque como de todos os medios materiais, de maneira que se asegure unha boa imaxe do servizo.
- ✓ Calquera outro mantemento necesario, inherente aos bens aportados polo Consorcio.

O mantemento das instalacións e vehículos se estenderá tanto ós aspectos rutinarios como a aqueles de carácter preventivo ou incluso correctivo das deficiencias observadas, salvo, neste último caso, aquelas que se deban a factores estruturais.

No caso de avarías nos vehículos as reparacións das mesmas, consideradas estas de xeito individualizado, terán sempre unha franquía, a asumir polo concesionario, de 5.000 € (CINCO MIL EUROS); si a avaría tivese un importe superior a esta cantidade o exceso será sufragado ó 50% entre o concesionario e o propio consorcio, salvo que sexa produto da actuación negligente do condutor ou foran provocadas por un mantemento deficiente da empresa, que deberá ser asumido, neste caso, integramente polo concesionario.

A empresa adxudicataria deberá comunicar á Administración coa maior rapidez as avarías producidas, e proporcionará detalles e rexistros completos, que especifiquen, principalmente:

- ✓ No momento no que se detecta a avaría:
  - Hora e localización do suceso;



- Vehículo, equipo ou compoñente estragado;
  - Causa suposta da avaría;
  - Tipo da avaría;
  - Operario ou condutor cando se produciu a avaría.
- ✓ Cando sexa reparada a avaría
- Tempo de parada provocado pola avaría no servizo, instalación ou equipamento;
  - Tipo de reparación efectuada;
  - Causa identificada da avaría.

Fóra destes casos, a reposición de calquera elemento, útil, equipo, maquinaria, vehículo,...etc, necesario como consecuencia do servizo, sempre será a cargo do concesionario, e enténdese que se xustificará dando fe, en cada caso, da súa necesidade.

#### 5.- PLAN DE MANTEMENTO DO PARQUE MÓBIL

O adxudicatario deberá presentar un Plan de Mantemento xeral para o parque móbil coas actividades de mantemento previstas para cada elemento, que estará suxeito á aprobación do Contratante. O ofertante deberá explicar cómo garantirá un elevado nivel de servizo no material móbil: programa de mantemento, programa de substitución de material para avarías de longa duración, etc.

Todos os meses se enviará un Informe de Mantemento Mensual, no que se reflectirán:

- As actividades de mantemento realizadas ó longo do mes e as previstas para os tres (3) meses seguintes.
- Rexistro mensual de intervencións.
- Quilómetros (ou horas) de uso no mes de cada unidade de material móbil.

Este informe enviarase xunto coa factura mensual e o reportado. Poderá ser obxecto de inspeccións periódicas por parte do Consorcio.

Ademais, o concesionario deberá presentar unha listaxe dos talleres concertados por este para efectuar os mantementos e reparacións dos vehículos, debendo estar recoñecidos polas empresas subministradoras dos vehículos, ou ben ser a casa concesionaria da marca dos mesmos.

#### 6.- EXPLOTACIÓN DO SERVIZO

Todos os gastos inherentes á explotación do parque e do propio servizo, así como os combustibles serán a cargo da empresa contratada, na súa calidade de concesionario, polo que estarán tamén incluídos os seguintes conceptos:

- ✓ Gastos de subministros (luz, auga, teléfono, gas, etc.)
- ✓ Gastos de carburante para vehículos e calefacción.
- ✓ Gastos de material de oficina.
- ✓ Materiais de reparacións.
- ✓ Gastos de primeira instalación de servizos.
- ✓ Outros gastos relativos ó inmovble (IBI, taxas, etc.) e vehículos (IVTM, seguros, etc.)



- ✓ Calquera outro inherente á explotación.

## 7.- SEGUROS

O adxudicatario asumirá tódolos custos relacionados cos seguros; subscribirá ó seu cargo, e manterá durante a duración do presente Contrato e ata a súa completa finalización, un Programa de Seguros que inclúa as seguintes coberturas, entendéndose que os seus montantes nunca serán inferiores ós obrigatorios segundo as leis e normas vixentes e, que o mantemento de tales seguros non variará ningunha das obrigacións de indemnización establecidas por Contrato:

Seguro de Multirrisco Industrial: Que cubra tódolos riscos de danos e perdas ás que poidan quedar expostos: as instalacións, equipos, maquinaria ou materiais empregados no desenvolvemento da explotación, desde a data de inicio da actividade ata a finalización do presente contrato de xestión, nun importe non inferior ó custo total de reconstrución e/ou reposición a novo do total de bens, sen desconto por amortización ou obsolescencia.

Seguro de Responsabilidade Civil: Cun límite de indemnización por sinistro de 1.500.000 € (UN MILLÓN CINCOCEMOS EUROS) para cubrir os danos materiais, persoais e/ou prexuízos ocasionados a terceiros no desenvolvemento da súa actividade, incluíndo a RC Patronal, desde a data de inicio da actividade ata a finalización do presente contrato de explotación.

Seguro Obrigatorio de Accidentes de Traballo: Para todo o persoal do adxudicatario

Seguro de RC Obrigatorio e Voluntario de vehículos e maquinaria: Incluirase tamén calquera outro seguro de contratación obrigatoria conforme á lexislación en vigor durante o período de duración do Contrato.

Seguro dos vehículos: Seguro da totalidade dos vehículos que integran o parque móbil do Parque e que serán a todo risco, cunha franquía máxima de 3.000€ por vehículo.

Observacións xerais: A suma asegurada e demais condicións destes seguros deberán axustarse, como mínimo, ós requirimentos esixidos segundo a normativa legal.

Con anterioridade á sinatura do contrato, o adxudicatario presentará unha pro forma do Programa de Seguros, na que figurarán as condicións de cobertura, límites de indemnización, sublímites de indemnización, franquías e prima detallada.

## 8.- MEDIOS HUMANOS

8.1.- Prestación do servizo: O servizo de Intervención en emerxencias entenderase, inicialmente, constituído por un número mínimo de efectivos que garanta o servizo as 24 horas do día os 365/366 días de cada ano.

8.2.- Execución, quendas, retribucións mínimas: A empresa adxudicataria aportará os medios humanos necesarios para a correcta execución do servizo contratado, segundo o detalle que se indica para cada parque:

- 11 (once) bombeiros-condutores, 6 (seis) xefes de quenda-condutores e 1 (un) xefe de servizo.



- Por quenda de traballo debe haber 3 (tres) persoas, unha delas xefe de quenda-condutor, dotación mínima de persoal que se deberá respectar tódolos días do ano durante as 24 horas do día.
- Deberá existir en cada parque, ademais, un xefe de servizo que se encargará da coordinación e control de todos aqueles aspectos relacionados coas prestacións operativas do servizo, sen prexuízo das facultades que a este respecto lle corresponden ó propio Consorcio no marco regulamentador da xestión indirecta dos servizos públicos.
- En cada quenda deberá haber alomenos unha persoa con coñecementos de mecánica dabondo para efectuar o mantemento normal dos vehículos.
- Tódolos bombeiros condutores e xefes de quenda condutores deberán estar en posesión do permiso de conducir de Categoría C1, que os habilite para a conducción dos vehículos do servizo.
- O número de horas traballadas polo persoal respectará os límites fixados na lexislación vixente, e deberá estar distribuído de xeito que se garanta o descanso dos traballadores, por razóns de seguridade do servizo. A oferta incluírá un cadrante coa distribución das quendas entre o persoal.
- Así mesmo, deberá garantirse unha masa retributiva salarial mínima, de:

CATEGORÍA	MASA RETRIBUTIVA ANUAL
Bombeiro-condutor	17.500 (dezasete mil cincocentos) euros
Xefe quenda-condutor	20.000 (vinte mil ) euros
Xefe de servizo	23.500 (vinte e tres mil cincocentos) euros

8.3.- Substitución do persoal: a empresa deberá garantir, en todo momento e circunstancias, a cobertura destes mínimos con persoal propio cunha formación semellante á do persoal a substituír. A estes efectos a empresa deberá contar en todo momento cunha bolsa de persoal coa formación teórico-práctica necesaria nunha porcentaxe non inferior ao 15% do número total de traballadores que integra o cadro de persoal de cada parque, que reunirá as condicións de coñecementos da zona de intervención do servizo.

8.4. - Capacitación do persoal: o adxudicatario deberá garantir a capacitación técnica e profesional do persoal que vai destinar á prestación do servizo.

Neste senso, e a estes efectos, deberá realizarse unha selección previa do persoal, suxeita a principios de transparencia e publicidade, que garanta que o persoal cumpra cos requisitos necesarios para o desempeño do labor profesional que vai realizar.

Así, as empresas deberán acreditar que o persoal ofertado cumpre cos seguintes requisitos:

1. Aptitude física, que deberán versar sobre os seguintes aspectos:





- ✓ axilidade-velocidade
  - ✓ resistencia
  - ✓ salto
  - ✓ forza flexora
  - ✓ natación
2. Coñecementos teóricos relacionados coas tarefas a desempeñar
  3. Coñecemento xeográfico e poboacional da comarca de cada Parque.
  4. Aptitudes psicolóxicas que garantan a capacidade de convivencia, razoamento e planificación do individuo, así como os aspectos da personalidade e actitudes máis relevantes tendo en conta o servizo que se debe realizar, antes de proceder á súa contratación.
  5. Certificado médico oficial acreditativo das condicións físicas do persoal, no senso de garantir que non padece enfermidades ou lesións que lles limite ó desenvolvemento das funcións obxecto do presente prego.

Convocatoria das prazas: coa finalidade de acadar a publicidade e pública concorrencia de aspirantes ó proceso selectivo do persoal de extinción de incendios deste consorcio a empresa adjudicataria do servizo deberá remitir a oferta de emprego ó INEM e ó Servizo Galego de Colocación, así como anunciar a convocatoria destas prazas en tres periódicos da Provincia de Lugo, coa obriga de comunicar estas actuacións de xeito puntual ao Consorcio.

## 9-FORMACIÓN REQUIRIDA AO PERSOAL

Coa finalidade de garantir unha prestación axeitada do servizo a empresa deberá realizar unha formación do persoal de acordo cos mínimos seguintes:

### 9.1.- Formación inicial:

- Incendios urbanos e industriais
- Apeos e apuntalamentos
- Rescate urbano en alturas e industriais
- Primeiros auxilios e excarceracións

Esta formación específica deberá ser acreditada ante o Consorcio e realizada a través da Academia Galega de Seguridade Pública.

A formación inicial deberá ser impartida, en todo caso, antes do comezo do traballo e terá unha duración mínima de 225 (duascentas vinte e cinco) horas, das que o 60 por 100 serán de índole práctica e o 40 por 100 teórica. Estas porcentaxes deberán respectarse na mellora que, no seu caso, realicen os licitadores. A tal efecto, a empresa adjudicataria deberá presentar o programa de formación dos bombeiros, calendario e lugares de realización destas accións formativas.

Na formación inicial o adjudicatario terá en conta que deberá coordinarse baixo a supervisión do Consorcio quen aprobará o contido da formación concreta proposta.

9.2.- Formación continua: A empresa adjudicataria deberá presentar ó Consorcio un programa anual de formación do persoal, cun mínimo de 30 horas



persoa/ano, que deberá buscar a constante actualización e preparación nas áreas propias da actividade que desempeñan, o que redundará nunha maior eficacia nas labores que realizan. Este programa deberá ser aprobado pola xerencia do Consorcio.

No caso de que esta formación continua se realice no mesmo parque, esta non deberá afectar ó normal desenvolvemento das quendas de traballo, realizándose en horas libres do persoal, co obxecto de non minorar efectivos de servizo.

9.3.- Tanto a formación inicial como a continua correrán a cargo da empresa adxudicataria, sen prexuízo dos acordos que, no seu caso, se puideran acadar coa Academia Galega de Seguridade Pública ou outras organizacións ou administracións.

En todo caso o programa de formación que se imparta deberá estar verificado e aprobado pola Academia Galega de Seguridade Pública.

## 10.- EQUIPAMENTO DO PERSOAL

A empresa adxudicataria do servizo deberá de forma individual dotar ó persoal de intervención en emerxencias que preste servizo en cada parque co uniforme, coas características e pezas, que a continuación se detalla, e cos distintivos de bombeiros de Galicia e escudo do Consorcio Provincial de Lugo contra Incendios e Salvamento, segundo as instrucións dadas polo Consorcio.

A empresa coidará da renovación do material por mor do seu deterioro, sen prexuízo de que polo Consorcio se determine a súa renovación ao considerar a súa falta de idoneidade para a prestación do servizo.

PRENDA / MATERIAIS A SUBMINISTRAR	INICIAL: NÚMERO UNIDADES	2º ANO: NUMERO UNIDADES	3º ANO E POSTERIORES: NÚMERO UNIDADES
Chaquetón intervención	1	A demanda*	A demanda *
Cubrepañalón	1	A demanda*	A demanda*
Polo bombeiro m/ larga	4	2	A demanda*
Xersei bombeiro	2	1	A demanda*
Pantalón de bombeiro	4	2	A demanda*
Camiseta de bombeiro	4	4	A demanda*
Casco de bombeiro	2	A demanda*	A demanda*
Verdugo	2	A demanda*	A demanda*
Pares botas intervención	2	A demanda*	A demanda*
Luvras de excarceración	2	1	A demanda*
Luvras de traballo	2	1	A demanda*
Luvras de intervención	2	1	A demanda*
Cintos cinguidores	2	A demanda*	A demanda*
Navalla de rescate	1	A demanda*	A demanda*
Forro polar	1	A demanda*	A demanda*
Chaqueta de parque	2	A demanda	A demanda*



Zapatos de parque	1	1	A demanda*
Lanterna para casco	2	A demanda*	A demanda*
Chaquetón e pantalón impermeables	1+1	A demanda*	A demanda*
Mochila ou bolsa deportes	1	A demanda*	A demanda*

\* Segundo necesidades do persoal baseándose no estado da prenda (rotura, perda de cor, flocidade, perda de características técnicas, etc).

Caso de prórroga do contrato, os anos pares (10º, 12º e 14º) aplicaríase o cadrante do 8º ano e nos anos impares (9º 11º e 13º), aplicaríase o correspondente do 7º ano.

#### 10.1. Características técnicas das prendas de uniformidade

##### 1- TRAXE DE INTERVENCIÓN: CHAQUETÓN E CUBREPANTALÓN

A capa exterior tanto do chaquetón como do cubrepantalón deberá ser de cor azul mariña escura

##### 1.CHAQUETÓN:

Construción do corpo.

O deseño do chaquetón será de tipo 2/4 coa zona traseira alargada en forma de faldón para lograr unha maior protección na zona lumbar e así asegurar que esta quede cuberta ao agacharse cara adiante, cunha sobreposición mínima de 30cm.

O corpo da chaqueta constará de dianteiros, costas con fols laterais en ambos os lados, tapeta central, mangas e pescozo.

Os dianteiros abrocharanse na súa parte central mediante unha cremalleira de apertura rápida, de malla 10 e soporte 100% aramida, con gazas de tecido exterior para facilitar a súa manipulación con luvas, dita cremalleira quedará oculta por unha tapeta de aproximadamente 10 cms. de ancho cosida ao dianteiro esquerdo, e que se pecha en toda a súa lonxitude cunha tira de peche adhesiva, ignífuga, de tipo velcro de 3 cms. de ancho. A cremalleira estará disposta sobre unha solapa interior de maneira que nunca chegará a estar en contacto co usuario que impide igualmente o paso da humidade. Dita cremalleira irá cuberta por unha solapa confeccionada con dúas capas do mesmo tecido exterior que o resto da peza, que encerran a barreira antihumidade, que disporá dunha tapeta á altura da abertura do elemento de amarre, esta tapeta interior medirá 3 cms. de ancho.

Na solapa esquerda disporase un peto interior de dimensións adecuadas á emisora do servizo con peche de cremalleira. Será paralelo á cremalleira e situado na zona abdominal esquerda. Así mesmo na solapa situarase unha cremalleira metálica de seguridade duns 18 cm. para a saída dun elemento de amarre. A chaqueta levará un peto interior tipo parche con peche por cremalleira no frontal dereito.



As costas constará dunha peza con dúas pinzas simétricas, así como o forro, que disporá dunha pinza interior para facilitar o efecto fol das pinzas exteriores.

As mangas serán dúas, dereita e esquerda, fabricadas en cinco pezas preformando a zona do cóbado, á súa vez na unión das mangas co dianteiro e as costas, disporá dunha peza de forma ovalada para maior confort e ergonomía. No interior da manga na zona do cóbado disporase un reforzo acolchado interior de alta resistencia e gran capacidade de absorción dos golpes. Nos extremos das mangas incorporárase un reforzo exterior como reforzo adicional á abrasión.

No perímetro inferior interno da peza disporase unha peza conformada de material illante e impermeable co fin de evitar o ascenso de auga ao interior por capilaridade. Na devandita peza incorporárase unha cremalleira de 30 cm. para facilitar os labores de reparación e mantemento.

En toda a peza empregárase fío de 100% aramida. As costuras se remallan con puntada de seguridade para evitar o esfiañado e estarán sobrecargadas con dobre pespunte. A sobreposición de tea nas costuras será de 1 cm.

Construción dos puños.

Os puños da chaqueta estarán realizados en punto de aramida dobre para evitar a entrada de brasas e que non molesten ao colocarse a peza. Incorporarán unha tira de tecido exterior para a suxeición do polgar e evitar o desprazamento das mangas.

Dispónse tamén unha peza conformada. A peza consta de catro extremos, un cócese ao tecido exterior, outro ao puño de punto, outro se cose e termosella á membrana e o restante cócese ao forro interior. Este sistema consegue unha total estanqueidade, á vez que impide o ascenso de auga por capilaridade.

Construción do pescozo.

O pescozo está formado por dúas capas do tecido exterior, que encerran a barreira antihumidade para manter a impermeabilidade do pescozo. Incorporará unha solapa de peche de 12 cms. de alto que se suxeitará no extremo non cosido mediante velcro ignífuga, á súa vez incorporárase unha tira de velcro no outro lado para poder fixar a solapa cando non se desexe levar pechada, evitando que esta quede colgando.

Petos exteriores.

A chaqueta incorporará dous petos exteriores de dimensións adecuadas á emisora e lanterna do servizo, tipo parche con fol no lateral exterior e picos de drenaxe. O peche será con solapa e peche mediante velcro.

Protección nos ombreiros.



Nos ombreiros, sobre o tecido exterior, levará un reforzo adicional composto por unha capa de tecido de alta resistencia térmica, baixo unha capa adicional de tecido exterior respunteado.

Módulos e identificación.

Nas costas a chaqueta levará termofixado un módulo gris prata reflectora coa inscrición:

CONSORCIO PROVINCIAL  
LUGO  
BOMBEIROS

Á súa vez, disporase no dianteiro esquerdo do peito un emblema do Consorcio e debaixo, termofixado ou en velcro de 13 x 5 cms para situar o módulo de identificación persoal en material reflector. Estes elementos disporanse de maneira que non sexan incompatibles coa utilización do equipo de respiración autónomo.

No dianteiro dereito o distintivo xerárquico irá termofixado ou mediante velcro.

Cintas reflectoras.

- Cinta 3M Scotchlite lima e prata de 50 mm.

A disposición será a seguinte:

- Banda prata sobre amarela na zona inferior de cada antebrazo.
- Banda prata sobre amarela en todo o contorno inferior da chaqueta.
- Dúas bandas verticais traseiras, sobre os pregues, desde a banda do contorno do baixo ata a banda horizontal da altura das costas.

Etiquetaxe

Cada peza incorporará un microchip para realizar o seguimento da peza durante a súa vida útil. Devandito microchip permite manter o historial de todas as operacións de limpeza e reparacións do chaquetón.

Todos os chaquetóns levarán a etiqueta termofixada sobre o peto, tipo parche, do forro interior na que figurará a seguinte información: Instrucións de lavado, pictograma EN 469, selos de homologación, talla e dimensións máximas e mínimas do usuario, nome e dirección do fabricante e ano de fabricación marca CE, número de lote, composición de capas, etiqueta do propio tecido, espazo en branco para personalización do bombeiro, folleto informativo para o mantemento da peza.

## 2. CUBREPANTALÓN DE INTERVENCIÓN:

Construción do corpo.

A construción do corpo consiste en dianteiros, traseiros, reforzos, forros e tirantes. Os



dianteiros son dous, iguais esquerdo e dereito. Únense aos traseiros polos costados e a entreperna, e entre si polo tiro. A uns 17 cm. da unión dos dianteiros dispóñense senllos botóns metálicos para o axuste dos tirantes.

A zona do xeonllo será conformada en 5 pezas como mellora ergonómica. Nos baixos o forro será substituído por neopreno ignífugo. Os traseiros serán dous, iguais esquerdo e dereito. Irán unidos entre si polo tiro. A uns 4 cm. desta costura disporanse dous botóns metálicos para o axuste traseiro dos tirantes.

Para a suxeición na cintura incorpórase un sistema de axuste externo formado por dúas trabillas de axuste. As barreiras de humidade e térmica irán desde a cintura ata debaixo do xeonllo, desde onde parte unha barreira de neopreno ignífugo que chegará ata o baixo, a fin de evitar efecto mecha.

Para o peche frontal empregarase unha cinta de adhesión ignífuga e un broche de presión no extremo superior.

O cubrepantalón disporá de arnés integrado mediante uns pasadores internos, dispoño de dous ollais na parte dianteira do cubrepantalón para a saída do punto de ancoraxe.

A parte traseira do cuprepantalón incorporará unha cremalleira de 30 cm. para facilitar os labores de colocación do arnés, reparación e mantemento. Nos baixos disporase dun peche tipo fol con velcro para facilitar o axuste do pantalón coa bota.

En toda a peza usarase fío 100% aramida de 4 cabos. Costuras remalladas con puntada de seguridade para evitar o esfiañado e sobrecargadas con dous pespuntos (9 fíos). A sobreposición de teas nas costuras será de aproximadamente 1 cm.

Petos.

Disporanse dous petos en cada perneira, de tipo plastón, semifol, con solapa de peche mediante material de adhesión ignífugo velcro e tirador.

Reforzo nos xeonllos.

Disporase unha protección do xeonllo sobre o tecido exterior composta por dúas láminas de kevlar de 240 gr/m<sup>2</sup> envolvido en neopreno ignífugo, e sobre unha camada adicional de tecido exterior.

Tirantes.

Serán axustables de material elástico e ríxido de gran resistencia. O deseño será tipo H, que favorece unha maior comodidade e adaptabilidade, serán totalmente extraíbles unidos pola parte dianteira mediante sistema de enganche rápido. O sistema de axuste permitirá unha rápida substitución.

Cintas reflectoras.



- Cinta 3M Scotchlite lima e prata de 50mm.

A disposición será a seguinte:

- Banda prata sobre amarela no contorno do baixo de cada perneira
- Banda prata sobre amarela nos laterais, desde a banda horizontal dos baixos ata os petos laterais.

6. Etiquetaxe.

Todos os cubrepantalóns deben levar unha etiqueta análoga á da chaqueta.

## 2- PANTALÓN DE PROTECCIÓN Ó LUME:

Pantalón para protección ó lume de cor azul mariña e con bandas reflectantes. Levará tres petos, dous dianteiros tipo francés e un traseiro de parche, o forro do peto do mesmo tecido, preformado, con reforzo en xeonllos e peche con broche e cremalleira. Para diversas actividades sometidas a focos de calor radiante de potencia igual ou menor a 20 Kw/m<sup>2</sup>, convectivo de potencia igual ou menor de 80 Kw/m<sup>2</sup>, breve contacto con lapa e pequena salpicadura de metal fundido. Confeccionado en tecido de sarga de 50% Kermel, 50% Viscosa ignífuga de 260 g/m<sup>2</sup>. Esta peza deberá cumprir coa normativa específica para o uso de bombeiros.

## 3-POLO:

Polo de manga longa en cor azul mariño, colo con reberete vermello e puño elástico, peche central por tapeta de tres botóns de cor azul mariño e perfil vermello, disporá dunha banda de cor vermella en peito e costas. No interior da banda leva a inscrición “BOMBEIRO”, bordado en fío de cor branca e en letras maiúsculas.

### Descrición dos compoñentes:

- |                  |   |
|------------------|---|
| - Materia:       | Pique Algodón peiteado 100%.                          |
| - Título:        | 22 litro/c.   |
| - Galga:         | 24.   |
| - Peso:          | 210/220 gr.   |
| - N° de pasadas: | 15 por cm.  |
| - Tintura:       | reactivo, solidez ó lavado 4-5.<br>Solidez á luz 4-5. |

Estabilidade dimensional ó lavado a 95° C

Tanto %	Longo 4%.
	Ancho 2%.

Resistencia á tracción:

Largo: Mínimo 50 dan.

Ancho: Mínimo 33 dan algodón 100% sanforizado

Homologacións e certificados: CE tipo.



#### 4- XERSEI:

Xerse de colo redondo e manga longa, tecido elástico en colo, puños e cintura. Disporá dunha banda de cor vermella en peito, costas e mangas en todo o seu perímetro. No interior da banda leva a inscrición “BOMBEIROS”, bordado en fío de cor branca en letras maiúsculas situada no lado dereito.

##### Descrición de os compoñentes:

- Tecido: Felpa limpa cardado en cara interior.
- Materia: Algodón 50% Acrílico 50%.
- Peso: 280 gr/cm<sup>2</sup>.
- Cor: Azul mariño.
- Tintura: Realizado con colorantes básicos e reactivos que dan as seguintes solidez:
  - Solidez ó lavado 4-5
  - Solidez á luz 5

Estabilidade Dimensional: >\_ 8% A e L.

Fío: Realizado con 28 1/c diante e atrás.

#### 5-CAMISSETAS DE TRABALLO:

Deberán ser de cor azul, e fabricadas en algodón para o traballo diario do parque. Disporá dunha banda de cor vermella en peito e costas en todo o seu perímetro. No interior da banda leva a inscrición “BOMBEIROS”, bordado en fío de cor branca en letras maiúsculas situada no lado dereito.

#### 6-CASCOS DE BOMBEIRO:

##### 6.1. CASCO INTEGRAL.

O casco integral respiratorio, será un equipo que combine a protección das vías respiratorias coa protección de cabeza e colo, proporcionando así unha seguridade total integrada, compatible cos equipos de respiración e cunha grande comodidade de utilización.

Estará realizado por inxección en mestura de poliamida e de fibra de vidro, o que lle achegará características mecánicas excepcionais.

No interior disporá dun esqueleto interno que sirva como illante térmico e que á súa vez potencie a resistencia mecánica.

Na parte máis próxima á cabeza levará uns acolchados interiores e un amortecedor que absorbe os golpes sobre cabeza e cara.

Todo este entretecido interno permitirá axusta-lo casco a tódolos tamaños de cabeza. Existirá para tamaños de cabeza superiores un entretecido especial.

Protección da caluga con dúas almofadas traseiras axustables.

Cubre calugas mediante cortina de colo aluminizar.

O casco levará dous visores incorporados:

\* O visor ocular interior para protección fronte a proxeccións metálicas, líquidos e partículas quentes. O Devandito visor terá a opción de poder colocar lentes graduadas para o usuario que as necesite.





\* O visor facial, con baño cromada cor ouro, que protexe contra a temperatura e contra a radiación, con tratamento antifume e antiraiado na súa cara externa.

Kit de fixación da máscara ó casco, consistente en dous adaptadores de aceiro inoxidable, inalterables fronte a altas temperaturas, cada un cun muelle interno tarado á forza constante que garanta a estanquidade da máscara. O devandito elemento virá instalado na máscara. O conxunto protector cumprirá os requisitos da norma europea para casco de bombeiros. Será de cor amarela para os bombeiros-condutores; vermella para os xefes de quenda-condutores e branca para o xefe de servizo.

## 6.2. CASCO LIXEIRO

O casco lixeiro estará especialmente deseñado para intervencións en lumes forestais e misións de rescate. Levará a copa ventilada e o sistema de retención axustable, incorporará gafas de seguridade panorámicas de altas prestacións, para asegurar a protección ocular. Levará tiras retroreflectantes sobre a copa que garantan unha alta visibilidade do bombeiro, mesmo en condicións con fume ou pó.

A copa externa estará realizada en material termoplástico ventilado, inxectado a alta temperatura. O arnés será de axuste rápido en alto confort. O barboqueixo será de tres puntos, non inflamable e con mentoeira integrada. O peso non excederá de 900 gramos e deberá cumprir coa Certificación EN-12492.

Deberá ser subministrado cos seguintes accesorios:

- Adaptador para lámpada
- Cubrecalugas mediante cortina de colo aluminizar.

Será de cor amarela para os bombeiros-condutores, vermella para os xefes de quenda-condutores e branca para o xefe de servizo.

Ámbolos dous cascos estarán homologados segundo a normativa europea en vigor para cascos de bombeiros.

## 7- VERDUGOS:

Verdugo curto de protección contra riscos térmicos, de forma tipo pasamontañas e con abertura na parte dos ollos, nariz e boca. A súa confección será en tecido de punto interlock 50% e Kermel 50% viscosa ignífuga de 220 g/m<sup>2</sup>.

## 8-BOTAS:

Bota para bombeiro fabricada en coiro de gran hidrófobo enteiro, con fitas reflectantes, forro con membrana GORE-TEX® o similar, resistente á auga, transpirable e resistente a produtos químicos.

Forro con membrana GORE-TEX® o similar, con costuras soldadas.

Punteira de aceiro ou de plástico de alta densidade con recubrimento de goma, resistente a unha presión de ata 200 xullos.

Sola de goma de nitrilo antiestático, resistente á calor, a escorregamentos e a desgaste,



resistente a gasolina e ácidos.

Punteira e sola antipunzamento.

Sistema antiestático, duradeiro e fiable en tódalas condicións de uso.

Sola con sistema de absorción de enerxía no talón.

Tratamento repelente á auga e antilume en cordóns e costuras. Tripla costura.

Sola interior anatómica, antibacteriana, antifungos e antiolor. Pódese lavar a máquina a 30°; unha capa de feltro absorbe a transpiración excesiva do pé.

CERTIFICACIÓNS : EN 345 S 3 HRO CI HI WR – FPA – P.P.E. IIIº Cat.

## 9- LUVAS:

### 9.1. LUVAS DE INTERVENCIÓN

Luva de bombeiro coa seguinte composición:

- Cada capa exterior será de coiro pel flor hidrofugado que protexa tanto da calor coma de aceite e produtos químicos.
- Forro interior en punto de Kevlar/Nomex, membrana Goretex, intercalada entre o coiro e a luva tricotado.
- Puño elástico de Kevlar.
- Costura do polgar protexida en pel flor, con dobra.
- Costura con fio de Kevlar.
- Elástico interior de axustes na parte superior da boneca.
- Permitirá a manipulación de obxectos abrasivos ou cortantes no medio húmido e quente.
- Normativa EN 659.

### 9.2. LUVAS DE EXCARCERACIÓN

Luvras con patrón ergonómico, con forma precurvada para un mellor confort e dexteridade, homologados segundo normativa EN 388 (luvas de protección mecánica).

### 9.3. LUVAS DE PARQUE

Luvras de traballo para uso ordinario no parque, coas características suficientes que faciliten o manexo de pezas e ferramentas cun alto grao de seguridade para o bombeiro.

## 10- CINTO:

Cinto tipo loneta con ancoraxes para diverso material (lanterna, equipos de comunicacións, navalla...)

## 11-NAVALLA:



Navalla multiusos con cachas en titanio e de uso especial para equipos de intervención en emerxencias.

#### 12-FORRO POLAR:

- Tecido Windsttoper NEMO 3L, Poliester 70 gr.
- Peche mediante cremalleira central que irá desde a parte superior do pescozo ata o baixo da prenda.
- O baixo da prenda formara un túnel duns 2 cm de ancho, polo cal pasará un cordón elástico, que sairá por cada costado, pola parte interior, mediante dos ollais. Ó lazo formado por este cordón se lle colocará un tanka de dous buratos e unha anela.
- Polo interior de cada dianteiro, na parte baixa irá un peto de parche, que medirá uns 15x18cm. Peche mediante punto de velcro.
- Charretera en cada ombro, acabado en pico, con axuste mediante un broche visto. Dobre pespunte en todo o contorno da charretera, medirá uns 5x13,5cm. O pespunte debe ser moi limpo e paralelo.
- Todas as costuras de peche e de unión das diferentes partes da prenda serán remalladas e cargadas con 2 pespuntos.
- O puño (bocamanga) irá dobladillado con dobre pespunte a 3cm.
- O puño axustará mediante unha tira de tecido exterior, que levará na súa cara interior unha tira de velcro tipo gancho, que se axustará coa tipo rizo que irá no puño.
- A manga esquerda levará un peto de parche, con boca con cremalleira de 14 cm, colocada de forma vertical. O peto medirá uns 12 cm de ancho e uns 16 cm de alto. Con dobre pespunte en todo o seu contorno. Cremalleira oculta baixo pestanas.

#### 13- BOLSA DE DEPORTE

Esta bolsa debe poder transportar todo o equipo de protección individual (EPI) do bombeiro, polo que terá unhas medidas suficientes como mínimo de: 75 X 35 X 35 cm. Será de cor vermella.

Será de material de alta resistencia, lavable e impermeable na parte inferior. A base do seu interior será extraíble para permitir unha mellor limpeza. Levará tiradores de cremalleira e banda reflectante noite-día no seu perímetro, para apertura ou localización rápidas.

Terá un compartimento principal con peto interior individual, pero tamén un compartimento lateral exterior para as botas, que deberá ser transpirable. Levará un peto frontal externo, outro no interior do compartimento principal con cremalleira e tacos semiesféricos inferiores para un mellor arrastre.

Con asas que rodean a bolsa para máis resistencia. Bandoleira con reforzo acolchado e extraíble de velcro ou semellante. Cintas para suxeición de cordas na solapa superior.

#### 14-LANTERNAS:

Lanternas antidefragantes electrónicas para casco de bombeiro, dotadas de led's, con cargador de sobremesa para tódalas lanternas.

#### 15-PARES DE GUANTES DE TRABALLO:



Cuero pel flor de primeira, costuras protexidas, homologados segundo EN vixente.

16-PARKA IMPERMEABLE E PANTALÓN IMPERMEABLE DE BOMBEIRO:

Ambos con membrana hidrófuga e transpirable, de cor azul mariña escura. A parka levará ademais unha lista vermella no contorno do peito e das costas e con patch traseiro ca lenda "Bombeiros", e tamén bordado en branco no peito. Levará bandas reflectantes de alta visibilidade e capucha de intemperie. A parka será compatible e integrable co forro polar, que será desmontable polas cremalleiras a vontade do usuario. A cintura será axustable por medio de cordón elástico. O pantalón impermeable levará banda reflectante de alta visibilidade e costuras seladas.

17-ZAPATO DE PARQUE:

De coiro hidrofugado, piso de poliuretano tridensidade, forro Gore-Tex impermeable e transpirable, sen pezas metálicas, punteira resistente a un choque dunha enerxía equivalente a 200 J e a unha compresión de 15 Kn. A sola será resistente aos hidrocarburos, con absorción da enerxía no talón de ata 20 J, levando plantilla non metálica con protección contra a perforación de ata 1.100 N, e con aillamento da sola contra o frío. Terá que cumprir a normativa EN-ISO 20345



## ANEXOS

Anexo I. Modelo de presentación do licitador

Anexo II. Modelo de declaración responsable comprensiva da circunstancia de non estar incursos/as en prohibicións de contratar e de estar ao corrente das obrigas tributarias e sociais.

Anexo III. Modelo de proposición económica

Anexo IV. Modelo de declaración de non variación das circunstancias reflectidas nos certificados de rexistros de licitadores.

Anexo V. Modelo de declaración relativa a grupo de empresas

Anexo VI: Modelo Relación de melloras avaliáveis segundo xuízos de valor correspondente ó Sobre B.

## ANEXO I

### PRESENTACIÓN DO LICITADOR



1. D./Dona. ...., en nome propio ou en representación da entidade mercantil ....., manifesta a súa vontade de participar no procedemento aberto convocado para a execución do contrato de....., polo importe sinalado na oferta económica formulada como anexo III.

2. Datos da empresa:

Nome e apelidos do representante ou do licitador persoa física.....  
.....

Teléfono ..... do ..... licitador

Fax ..... do ..... licitador

Enderezo sinalado polo licitador para os efectos da práctica de notificacións  
.....  
.....

Número de inscrición da empresa no rexistro de contratistas (se é o caso)  
.....

3.- A entidade mercantil ....., comprométese a achegar documentación ou, se é o caso, facilitar tanta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.

....., ..... de ..... de .....

(Sinatura e selo do licitador)



## ANEXO II

Modelo de declaración de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración

D/Dona....., maior de idade, titular do DNI....., con domicilio a efectos de notificación en .....e actuando en nome propio (ou, de se lo caso, actuando en nome da entidade mercantil .....,con CIF número.....e con domicilio social en ....., representación que acredito por medio de escritura de .....outorgada diante do Notario de ....., D/D<sup>a</sup>....., o día ....., e co número de protocolo.....) declaro baixo a miña responsabilidade:

1.- Que non estou incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración recollidas na lexislación vixente en materia de contratos.

No caso de persoas xurídicas: que os administradores da persoa xurídica que represento non están incursos en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración das enumeradas no artigo 49 da LCSP.

2.- Que estou o corrente no pago ( que a persoa xurídica a que represento está ao corrente no pago) das obrigas tributarias e de seguridade social, nos termos establecidos polos artigos 13 e 14 do RXCAP.

3.- Que non teño pendente de pago ( que a persoa xurídica a que represento non ten pendente de pago) ningunha débeda en período executivo co Consorcio provincial de extinción de incendios de Lugo, coa Xunta de Galicia e coa a Deputación provincial de Lugo.

4.- Estar dada de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e non ter causado baixa no mesmo

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato de a prestación, polo sistema de xestión indirecta, na modalidade de concesión, prevista no artigo 253.a da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, do servizo de intervención nas emerxencias do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo de Incendios e Salvamento”

Lugar, data e sinatura



ANEXO III

MODELO DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA:

D/Dona \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_ (localidade, C.P. e provincia), rúa /praza \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_ e Fax \_\_\_\_\_, co D.N.I. (ou Pasaporte ou Documento que o substitúa) N° \_\_\_\_\_, actuando no seu propio nome (ou na representación de \_\_\_\_\_ co D.N.I. ou C.I.F. N° \_\_\_\_\_, e domicilio en – rúa/praza, nº, localidade, CP, provincia–, nº de teléfono \_\_\_\_\_ e Fax \_\_\_\_\_ ), (1) toma parte no procedemento aberto e trámite ordinario para a adxudicación da prestación do Servizo de Incendios e Salvamento, segundo anuncios de licitación publicados no B.O.P. nº \_\_\_\_\_, de data \_\_\_\_\_ e para o que fai constar expresamente, que:

1. Acepta tomar parte na licitación do referido procedemento, estando de acordo coas condicións previstas polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de Lugo contratante.
2. Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe na contratación e mailos seus Anexos, especialmente o que constitúe o Prego de Prescricións Técnicas que forma parte daquel, aceptando integramente os términos, Cláusulas e obrigas contidos neses documentos, sen excepción ningunha.
3. Ofrece o prezo seguinte:  
A cantidade mensual de ... (en cifra e letra) Euros, o que significa, un prezo anual de ... (en cifra e letra) Euros, o que implica en tres anos, un prezo de ..... Euros (en cifra e letra).
4. Acompaña no presente, e nos sobres "A" e "B" toda a documentación esixida no antedito Prego.
5. Se compromete e obriga expresamente a presentar no Rexistro Xeral do Consorcio e dentro do prazo máximo de dez días hábiles desde recibida a comunicación sobre a proposta de adxudicación, a documentación á que fai referencia á Cláusula 18 do referido prego.

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

O LICITADOR

(Sinatura do representante legal e selo da empresa)





ANEXO IV

DECLARACIÓN DE NON VARIACIÓN

D./Dona. ...., co DNI núm. ...., en nome propio ou en representación da empresa ..... co NIF/CIF núm. ....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que me atopo inscrito ou a empresa á que represento se atopa inscrita no Rexistro..... co número..... e que as circunstancias reflectidas na certificación do mesmo non experimentaron variación.

....., ..... de ..... de .....

(Sinatura e selo do licitador)



ANEXO V.

DECLARACIÓN RELATIVA A GRUPO DE EMPRESAS.

D./Dona ..... , con DNI  
....., (en nome propio ou da persoa ou entidade que representa,  
especificando neste último suposto as súas circunstancias), visto o disposto no prego de  
cláusulas administrativas particulares, así como o artigo 129.4 da LCSP, mailo artigo 86  
do RXLCAP, en relación co disposto no artigo 42.1 de Código de comercio (CC), emito  
a seguinte

DECLARACIÓN XURADA

A entidade mercantil ....., para os efectos previstos no  
artigo 83.3 do TRLCAP, mailo artigo 86 do RXLCAP, declara (deberá consignarse a  
continuación o que proceda):

Non atoparse incurso nos supostos previstos no artigo 42.1 do CC, por non pertencer a  
un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que conorra algún dos  
supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 dese código.

Atoparse incurso no suposto (menciónese este).....  
previsto no artigo 42.1 do CC, ao pertencer ao grupo de empresas  
..... (ou se é o caso, estar integrada por algún socio no que conorre  
algún dos supostos alternativos do artigo 42.1 do CC) respecto da cal forman parte as  
seguintes sociedades (deberán consignarse a continuación as denominacións sociais que  
integran o grupo ou das sociedades nas cales conorra algún dos supostos alternativos  
regulados na devandita norma legal respecto dalgún dos seus socios):

- a) .....
- b) ....., etc.

..... , ..... de ..... de .....

(Selo e sinatura do licitador)



ANEXO VI  
RELACIÓN DE RELACIÓN DE MELLORAS AVALIABLES SEGUNDO XUÍZOS  
DE VALOR CORRESPONDENTE Ó SOBRE B.

D./Dona ....., con DNI ....., (en nome propio ou da persoa ou entidade que representa, especificando neste último suposto as súas circunstancias), visto o disposto na cláusula Décimo Sexta do prego de cláusulas administrativas particulares, formula as melloras propostas a valorar mediante xuízos de valor relativas aos seguintes aspectos:

(con carácter previo a cada Anexo a empresa achegará un breve resume daquelas melloras a presentar no sobre B)

RELATIVOS AO PERSOAL

RELATIVOS A ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

RELATIVOS A FORMACIÓN DO PERSOAL

RELATIVOS AS MELLORAS PARA OS TRABALLADORES

RELATIVOS ÁS MELLORAS NOS SEGUROS

OUTRAS MELLORAS

segundo o seguinte cadro:
